

ACTA NÚM. 18 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2018.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son **as 16:35 horas** do día **15 de novembro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona M^a José Castro Carballal
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello**.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela**.

ORDE DO DÍA:

1.-Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2018, número 16, e a sesión extraordinaria do día 15 de novembro de 2018, número 17.

2.-Toma de posesión, no seu caso, de cargos de concelleiros.

3.-Solicitud de inicio da avaliación ambiental de Revisión do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1).

4.-Aprobación definitiva da modificación puntual do PE-1 para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial.

5.-Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

6.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a adhesión do Concello de Santiago á Asociación de Entidades Locais pola Lengua Galega.

7.-Proposta da Alcaldía do Concello de Santiago ao Pleno para a adhesión á Asociación de concellos do Camiño Inglés ede aprobación da proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da mesma.

8.-Proposta de nomeamento da comisión para a redacción da memoria sobre a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais.

9.-Proposta da concelleira de Economía, Facenda e Administración de aprobación do expediente de suplemento de crédito N° 2018-SUPLE-06 de importe 3.085.870,12 euros.

10.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración de aprobación do expediente de suplemento de crédito N° 2018-SUPLE-07 do orzamento do ano 2018 por importe de 18.910,22 euros.

11.-Proposición do grupo municipal do BNG, para regularizar os servizos municipais externalizados que seguen a operar sen contrato.

12.-Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre o pagamento dos servizos sen contrato.

13.-Proposta para a ratificación polo Pleno do acordo de Xunta de Goberno Local de 14 de setembro de 2018 relativo á aprobación do Plan Municipal de Prevención de Drogodependencias 2018-2021 para o Concello de Santiago de Compostela.

14.-Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

15.-Rogos, preguntas e interpelacións.

16.-Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de entrar a tratar os puntos da orde do día, procédese a gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2018, NÚM 16.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2018.

A continuación intervén na sesión plenaria, D. Alberto Rama Alborés en representación do colectivo de profesionais de servizo de urxencias, en relación á moción presentada de Compostela Alberta sobre os servios sanitarios na área integral do CHUS.

Polo señor alcalde se somete a votación a inclusión na orde do día a moción urxente presentada polo grupo municipal do PSOE, número de rexistro de entrada 50186 de data 12 de novembro de 2018, sobre as becas de comedor escolar.

Sometida a declaración de urxencia a votación e aceptada coa unanimidade dos presentes.

2.-TOMA DE POSESIÓN, NO SEU CASO, DE CARGOS DE CONCELEIROS.

Non comparece Don Antón Barba Pereira

3.-SOLICITUDE DE INICIO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL DE REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PE-1).

O informe emitido pola xefa de sección de Xestión Urbanística, de data 5 de novembro de 2018, que conta coa conformidade do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, e co conforme do secretario xeral e do seguinte teor literal

O proxecto formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dun equipo técnico contratado para este efecto –ESTUDIO THUBAN S.L.–, de acordo co Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Ambiente para o financiamento dos traballos da Revisión do Plan especial da cidade histórica.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, a través da DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA da súa normativa, mantén a vixencia do *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica* (PE-1) que fora definitivamente aprobado o 24 de marzo de 1997, coas súas modificacións puntuais e estudos de detalle, que se relacionan na citada disposición, e coas modificacións ou reformase que explicitamente introduce o PXOM, as cales tamén figuran descritas na disposición transitoria quinta.

É preciso considerar que con posterioridade á aprobación do PXOM vixente foron así mesmo aprobadas definitivamente as seguintes Modificacións puntuais no ámbito do PE-1:

- Modificación puntual do PXOM e do PE-1 na rúa de San Miguel dos Agros, 5
- Modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital
- Modificación puntual do PE-1 no ámbito da reserva de equipamento RU-10. Virxe da Cerca, 6
- Modificación puntual do PE-1 na parcela 1106-01. Praza de Praterías, antiga sede do Banco de España
- Modificación puntual do PE-1 na unidade edificatoria 111103. Rúa do Preguntoiro, 23
- Modificación puntual do PE-1 no ámbito da EU-4. Parque Universitario Vista Alegre
- Modificación puntual do PE-1 relativa á unidade edificatoria 511127. Rúa das Hortas, 13
- Modificación puntual do PE-1 no ámbito da unidade edificatoria 410207. Rúa de Xelmírez, 18
- Modificación puntual do PE-1 no ámbito da unidade edificatoria 511174. Rúa do Pombal, 28
- Modificación puntual do PE-1 no ámbito da unidade edificatoria 111903. Rúa de Casas Reais, 20
- Estudo de detalle da unidade de execución U-13 do PE-1. Apertura da rúa de Belvís
- Estudo de detalle na confluencia das rúas de Domingo García Sabel- Costa de San Francisco-Carretas-Entrerriños

2. ALCANCE DA REVISIÓN E PROCEDEMENTO APLICABLE

A Revisión que se está a formular afecta non só á ordenación pormenorizada que establece o vixente Plan especial, senón que conleva tamén a revisión do mesmo

ámbito de delimitación do Plan especial de protección, e incide noutras determinacións reservadas ao planeamento xeral como son a clasificación e a categorización de determinadas áreas de solo urbano.

Por tal motivo, e considerando que o proxecto de Revisión afecta a determinacións reservadas ao plan xeral polo artigo 52 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) **habera de tramitarse a través do procedemento aplicable para a aprobación do planeamento xeral**, hoxe regulado nos artigos 60 da dita lei (LSG) e 144 do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016 (RLSG).

3. SOLICITUDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- Solicitud de inicio da avaliación ambiental simplificada
- Borrador da Modificación proposta
- Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:
 - a) *Los objetivos de la planificación.*
 - b) *El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
 - c) *El desarrollo previsible del plan o programa.*
 - d) *Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
 - e) *Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
 - f) *Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
 - g) *La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
 - h) *Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
 - i) *Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
 - j) *Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo –isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

A LSG, no seu artigo 61.2, atribúe aos Concellos de máis de 50.000 habitantes a competencia para aprobar definitivamente o plan xeral :

...
2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

O artigo 123.1.i) da Lei de Bases do Réxime local (LBRL) atribúe ao Pleno Municipal:

...
i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

Nin a lexislación autonómica nin a local contemplan expresamente cal é o órgano competente nesta fase previa de inicio do procedemento de avaliación ambiental, se ben parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que o equipo redactor –ESTUDIO THUBAN S.L.- presentou, con data 31.10.2018, o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** do Plan especial de protección da cidade histórica de Santiago de Compostela.
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, segundo consta no informe técnico asinado con data 5.11.2018 polos arquitectos do Servizo Municipal de Planeamento.
3. Que o proxecto elaborado ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación inicial do órgano competente.
4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral (artigos 60.1 da LSG e 123.1.i da LBRL), polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Con fundamento nas anteriores consideracións, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Revisión do Plan especial de protección da cidade histórica (PE-1), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación presentada por ESTUDIO THUBAN S.L. o 31.10.2018.

O documento fórmase polo Concello de Santiago coa colaboración da Xunta de Galicia no financiamento dos traballos de redacción segundo Convenio de Colaboración asinado ao efecto.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

Xa que logo, á vista do informe transcrito máis o ditame favorable da comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á sesión de data 08 de novembro do corrente ano, e sometido o asunto a votación obtense o seguinte resultado, votos a favor: señores concelleiros/as de C.A. e B.N.G. (12 votos), votos en contra señores concelleiros/as do P.P (9 votos), e tres abstencións dos señores/as concelleiros/as (3 votos) e dado que o asunto require para a súa aprobación, o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da corporación (25 votos) non acadándose esa maioría (13 votos a favor) o punto queda rexeitado.

4.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PE-1 PARA LIMITAR OS ALOXAMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL NO SEU TECIDO RESIDENCIAL.

O informe emitido pola xefa de sección de Xestión Urbanística, de data 8 de outubro de 2018, que conta coa conformidade do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, e co conforme do secretario xeral e do seguinte teor literal:

Xustificación e contido da Modificación

O proxecto fórmase pola Sección Municipal de Planeamento a resultas dunha proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de data 24 de novembro de 2015, pola que se encomendou aos servizos

técnicos municipais “o estudo das posibilidades de reforma da vixente normativa do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), coa finalidade de asegurar a primacía da función residencial”.

Segundo explica a memoria do proxecto, o obxecto principal da Modificación é “asegurar a preservación da cidade histórica como lugar de residencia”, para o cal se pretende que “no ámbito das ordenanzas de uso residencial do PE-1 se impida calquera forma de aloxamento turístico ou temporal de curta estancia, distinta do aloxamento estable de persoas (artigo 105.a) do PXOM). Todo ilo co fin de deter o proceso de terciarización e de baleirado residencial que supón, de facto, a proliferación dos aloxamentos turísticos, que substitúen poboación permanente por poboación flotante, ameazando así a protección da cidade histórica como cidade viva e habitada.

A Modificación afecta ás ordenanzas do PE-1 que teñen atribuído como uso principal o de vivenda, ás que afectou tamén o acordo de suspensión cautelar adoptado en novembro de 2015:

- Ordenanza de recinto intramuros (RI). Artigo 150.
- Ordenanza de áreas urbanas históricas inmediatas (AU). Artigo 151
- Ordenanza de lineais históricos periféricos (LH). Artigo 152.
- Ordenanza de ordenanza de rúas (R). Artigo 153.
- Ordenanza de tecidos históricos renovados polo planeamento anterior (THR). Artigo 154.
- Ordenanza das implantacións e reformas do planeamento anterior (IR). Artigo 155.

Cos citados obxectivos, refórmase puntualmente o apartado 4 (Usos) das anteditas ordenanzas, eliminando a compatibilidade dos usos residencial comunitario e hoteleiro, e impedindo calquera forma de aloxamento turístico ou temporal de curta estancia, entendendo por tal a de duración inferior a 30 días consecutivos (ou outra duración que se determine pola normativa específica dos aloxamentos turísticos como excluída ou non suxeita á dita regulación)

Para a regulación dos usos e actividades xa existentes con anterioridade ao 3 de decembro de 2015 –data de inicio da suspensión cautelar- que resulten incompatibles coa normativa de usos resultante da Modificación engádese o artigo 143 bis, que permite o seu mantemento e desenvolvemento, con autorización de todas as actuacións que resulten precisas para adaptar a actividade á normativa aplicable.

1. Avaliación ambiental estratéxica

Previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Cidade o día 9 de setembro de 2016, o Concello remitiu ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental simplificada, achegada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante resolución do 16 de novembro de 2016, formulou o **Informe ambiental estratéxico** (IAE) da Modificación (expediente 2016AAE1951 - código web 1859/2016), declarando o non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria.

2. Procedemento aplicable

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da disposición transitoria quinta da súa normativa, remite a ordenación detallada da cidade histórica ao Plan especial de protección e rehabilitación (PE-1) que consta aprobado o 24 de marzo de 1997, coas súas modificacións puntuais posteriores, definitivamente aprobadas e en vigor.

Polo exposto, e de conformidade co previsto no parágrafo final do artigo 105.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia, a Modificación das

determinacións do Plan especial haberá de realizarse a través do procedemento de aprobación dos plans especiais de protección que conteñen a ordenación detallada do solo urbano consolidado, co cumprimento dos trámites esixidos polo artigo 75.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

3. Tramitación

Consonte ao procedemento aplicable, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 25 de novembro de 2016 e someteuse ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *El Correo Gallego* e no Diario Oficial de Galicia con data 2 de decembro de 2016. Simultaneamente, practicouse citación persoal aos titulares das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado de data 22 de decembro de 2017.

Durante o trámite de **información pública** formuláronse un total de 32 escritos de alegacións, que son obxecto de análise e contestación pormenorizada no informe emitido por esta Sección de Xestión Urbanística o día 25 de abril de 2018.

No expediente consta informe favorable da **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, asinado con data 18 de outubro de 2017 (Exp. 2016/1029), no que se conclúe o seguinte:

A Modificación proposta mellora a salvagarda dos valores culturais do conxunto protexido, ao limitar o incremento dos aloxamentos turísticos nas ordenanzas que modifica. En todo caso, enténdese que é precisa unha revisión máis profunda cara a regulación doutros usos relacionados co turismo permitidos no ámbito do Plan especial, que son causa, igualmente, do desprazamento da poboación residente, e que teñen unha afección directa na protección do patrimonio cultural e no desenvolvemento sustentable, e que se consideran incompatibles cos valores culturais.

Existe un compromiso do Concello de avaliar e abordar estas cuestións no proceso de revisión do Plan especial, que están en elaboración e, de ser o caso, en novas modificacións puntuais da normativa vixente.

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial, aprobado inicialmente o 25.11.2016, un informe favorable.

A Xunta de Goberno, mediante acordo adoptado 27 de abril de 2018, aprobou provisionalmente a Modificación, recolléndose no citado acordo –ao que expresamente me remito- o exame das alegacións presentadas e a descrición das reformas introducidas sobre o proxecto inicialmente aprobado.

Con data 20 de xuño de 2018 obtívose o **informe favorable da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.**

4. Proposta de reforma na redacción do artigo 143 bis

Con motivo da presente Modificación, o outorgamento de licenzas e outros títulos habilitantes para a implantación de novos establecementos hoteleiros, de residencial comunitario e aloxamentos turísticos atópase en suspenso dende o día 3 de decembro de 2015, xa que a suspensión derivada do acordo de aprobación inicial veu precedida dunha suspensión previa publicada no Diario Oficial de Galicia na citada data.

Durante este lapso temporal entrou en vigor o Decreto 12/2017 *polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia*, a cuxo abeiro a administración

autonómica outorgou autorizacións para o exercicio das distintas modalidades de aloxamento turístico reguladas no citado Decreto.

O Concello de Santiago, a través dunha Instrución publicada no Diario Oficial de Galicia o 26/06/18, mantén o criterio de que o desenvolvemento deste tipo de usos ou actividades -entre os que se inclúen tamén as chamadas vivendas de uso turístico- require, ademais da autorización turística, do preceptivo título habilitante municipal de natureza urbanística (comunicación previa ou declaración responsable), non podendo este outorgarse mentres se atope en vigor a suspensión.

De acordo con esta interpretación, os aloxamentos implantados durante o prazo da suspensión carecerían do preceptivo título habilitante de natureza urbanística, polo que se atoparían incursos nunha situación de ilegalidade urbanística.

O artigo 143 bis da Modificación, segundo a redacción do documento provisionalmente aprobado polo Concello, habilitaría o mantemento e desenvolvemento das actividades existentes con anterioridade á aprobación definitiva da Modificación, con independencia de se as mesmas dispoñen ou non das autorizacións ou títulos habilitantes requiridos pola normativa de aplicación, o que supón un efecto claramente contradictorio cos obxectivos da Modificación e da propia medida cautelar de suspensión.

Por outra banda, resultaría claramente discriminatorio que aqueles administrados que non iniciaron a súa actividade precisamente por ter coñecido e respectado os efectos da suspensión, se viran agora prexudicados fronte a aqueloutros que si iniciaron a súa actividade sen contar co preceptivo título habilitante municipal. Tal efecto **suporía outorgar un trato de favor a aqueles interesados que vulneraron a legalidade urbanística aplicable**, tratándose dun privilexio ou dispensa que carece de xustificación razoable, pois os efectos da suspensión teñen carácter normativo, e vinculan tanto á administración actuante como aos cidadáns.

Con base nas consideracións expostas, **proponse reformar a redacción do artigo 143 bis como segue:**

Artigo 143 bis. Actividades existentes que resulten incompatibles coa nova regulación de usos establecida na Modificación puntual do PE-1 para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial

Os usos e actividades hoteleiras, de residencial comunitario e de aloxamento turístico (incluídas as vivendas turísticas e as vivendas de uso turístico), existentes con anterioridade á aprobación definitiva da citada Modificación, poderán manterse e desenvolverse con normalidade se dispoñen das autorizacións precisas e títulos habilitantes esixidos pola normativa aplicable, podendo autorizarse todas as actuacións que resulten precisas para adaptar a actividade á dita normativa, sempre que resulten compatibles co réxime de protección do inmovible.

No seu defecto, poderán obter o título habilitante municipal de acordo coa normativa urbanística vixente na data en que acrediten a súa efectiva implantación, sempre que esta sexa anterior ao día 3 de decembro de 2015.

As actividades que tiveran solicitado o título habilitante municipal con anterioridade ao día 3 de decembro de 2015 poderán autorizarse de acordo coa normativa urbanística vixente no momento da súa solicitude.

A reforma proposta pretende respectar os obxectivos da medida de suspensión cautelar acordada polo Concello o 3 de decembro de 2015, que supuxo a prohibición de novos establecemento hoteleiros, de residencial comunitario e de aloxamento turístico no ámbito das ordenanzas de uso residencial da cidade histórica. Por tanto, considérase que a reforma proposta resulta plenamente coherente cos obxectivos da Modificación en trámite, no senso de impedir a consolidación dos usos e actividades

ilegalmente implantadas durante o período da suspensión, polo que non ten carácter substancial.

Con independencia do anterior, é preciso advertir que os efectos da suspensión finalizan o próximo día 25 de novembro de 2018, polo que, de non aprobarse definitivamente a Modificación en trámite antes desa data, poderíanse autorizar novos establecementos hoteleiros e de aloxamento turístico ou temporal no ámbito do PE-1, frustrándose así os obxectivos pretendidos pola Modificación. Aínda no marco do proceso de Revisión do PE-1, non sería posible acordar unha nova suspensión para aqueles usos, polo menos durante os próximos catro anos (artigo 47.3 da LSG)

5. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobación definitiva a Modificación *puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial.*

O documento reformado que se somete a aprobación definitiva incorpora a nova redacción proposta para o artigo 143 bis, anteriormente transcrita.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PE-1 no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional no que se contén o exame das alegacións presentadas.

Xa que logo, a vista do informe transcrito mais o ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestructura, vivienda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto a votación cos votos a favor do grupo C.A. (10 votos), 9 votos en contra do Grupo Popular, e abstencións dos grupo P.S.O.E (3 votos). e B.N.G (2 votos) adoptou o seguinte acordo:

- Aprobación definitiva a Modificación *puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial.*

O documento reformado que se somete a aprobación definitiva incorpora a nova redacción proposta para o artigo 143 bis, anteriormente transcrita.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PE-1 no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional no que se contén o exame das alegacións presentadas.

5.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS, VIBRACIÓNS E CONDICIÓNS DOS LOCAIS.

INFORME XURÍDICO DE CONTESTACIÓN A ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS, VIBRACIÓNS E CONDICIÓNS DOS LOCAIS, emitido pola xefa de servizo de servizo de licenzas e disciplina urbanística dona Ana Isabel Prieto Florez con data 2 de novembro de 2018, co Vº Bº do Director da Asesoría Xurídica don Xaquín Enrique Monteagudo Romero e asinado electrónicamente polo concelleiro de espazos cidadas, dereito a vivenda e mobilidade don Jorge Carlos Duarte Vazquez o día 05 de novembro de 2018.

I

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19 de xullo de 2018, adoptou entre outros, o seguinte ACORDO:

Aprobar inicialmente as modificacións da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, e que afectan aos artigos 42.2, 44.3, 44.6, 47, disposición adicional terceira, disposición adicional quinta, e á inclusión dunha disposición transitoria terceira, que quedarían redactados do seguinte xeito:

Engádese un apartado 2 no artigo 42

Redacción proposta

2. Nos establecementos públicos dedicados a máis dun tipo de espectáculos, á prestación de máis dunha clase de servizos ou ao desenvolvemento de máis dunha categoría de actividades recreativas compatibles, cumprirá que conste esa circunstancia nos títulos habilitantes. Estes títulos indicarán cal é o espectáculo, servizo ou actividade recreativa que se considera principal do establecemento. As condicións específicas sobre aforo ou cabida, evacuación, límites sonométricos e horario serán as do espectáculo, servizo ou actividade recreativa declarada como principal.

Supresión do artigo 44.3

3. Superficies mínimas esixibles

A superficie mínima dos establecementos, medida en planta baixa e sen computar a entreplanta, se a houber, será de:

- a) Grupo I: sesenta (60) metros cadrados.
- b) Grupo II: oitenta (80) metros cadrados.
- c) Grupo III: cento cincuenta (150) metros cadrados.
- d) Grupo IV: douscentos cincuenta (250) metros cadrados.
- e) Grupo V: cen (100) metros cadrados.

De forma excepcional, nos edificios de uso exclusivamente comercial a superficie mínima poderá considerarse noutras plantas.

Modificación do artigo 44.6

Redacción proposta

6. Con carácter xeral, nos establecementos dos Grupos I a V permíttese a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo, con ou sen amplificación. Non se poderán superar, en ningún caso, os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no Anexo do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Para estes efectos enténdese por amenización musical a realización en directo de actuacións musicais ou músico-vocais; e por ambientación musical a propagación ou difusión de música a partir dun sinal recibido por calquera medio de transmisión ou reproducida desde calquera clase de gravación diferente das actuacións ao vivo.

No caso de que se desenvolvan concertos en directo en establecementos habilitados para a prestación dese servizo como complementario doutra actividade principal, o aforo ou cabida do establecemento continuará sendo o correspondente á actividade principal. Considérase actividade principal a que conste no título habilitante do establecemento, a que é definitiva da súa categoría ou a que se desenvolva habitualmente.

Modificación do artigo 47.1 Instalación de aparello de control (sonógrafos)

Redacción proposta:

1. Para controlar os límites sonoros establecidos nesta Ordenanza e no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa, os establecementos que desenvolvan actividades clasificadas dentro dos grupos II, III, IV e V están obrigados a instalar aparellos de control permanente de emisións sonoras, dotados de dispositivo que as interrompa cando superen os límites establecidos. Os gastos derivados da instalación e funcionamento dos citados aparellos correrán por conta dos titulares da actividade.

Esta obrigación tamen lles será exixible aos establecementos do Grupo I cuxo título habilitante lles permita contar con amenización ou ambientación nos termos definidos no apartado 6 do artigo 44 desta Ordenanza.

Disposición adicional terceira

Redacción proposta:

Os outros tipos de actividades molestas non previstas especificamente nesta Ordenanza

(talleres, garderías baixo vivendas, panaderías e pastelerías -con fabricación- carnicerías, locutorios informáticos, ximnasios e outros de natureza semellante) esixiráselles a insonorización mínima establecida no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa.

Disposición adicional quinta

No título substitúese a referencia a “Edificios Catalogados” por “Ámbitos Catalogados”.

O parágrafo terceiro en lugar de “edificios catalogados” dirá “ámbitos suxeitos a protección patrimonial” para os efectos de aplicar a excepción.

Engádese un parágrafo cuarto coa seguinte redacción:

“Nos locais ubicados en edificios catalogados nos que sexa imposible cumprir o requisito de altura mínima por resultar incompatible coa normativa de protección do patrimonio cultural, pódese admitir con carácter excepcional, previa petición debidamente motivada do promotor, a redución ata un 10% do requisito de altura mínima de 2,50 m, sempre que teña por finalidade mellorar as condicións de insonorización dos paramentos do local.

Introdución dunha disposición transitoria terceira

O texto será o seguinte:

“Os establecementos que pretendan ofertar espectáculos, servizos ou desenvolver actividades complementarias ou adicionais que non consten nos seus títulos habilitantes actuais deberán presentar a correspondente declaración responsable á que deberán achegar a seguinte documentación:

Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste o nivel de aillamento do local con relación a todos os paramentos, incluída fachada.

Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste a instalación e posta en funcionamento do sonómetro, así como a súa capacidade para rexistrar e limitar o nivel de decibelios emitidos e existentes no local. ”

Acreditación da existencia de dobre porta ou xustificación asinada por técnico competente da imposibilidade da súa instalación e medidas alternativas.

O acordo publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 154 de 14 de agosto de 2018.

II

Presentáronse en prazo as seguintes alegacións:

1.-Alegación presentada o 12/09/2018 con número de entrada 40.536 por Dona Naira María Cortizo.

2.-Alegación presentada o 13/09/2018 por Dona Visitación García Montero, con número de entrada 40.613.

3.-Alegación presentada o 13/09/2018 por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CASCO HISTÓRICO, con número de entrada 40.731.

4.-Alegación presentada o 27/09/2018 por Dona María Abelleira Méndez con número de entrada 42.803.

5.-Alegación presentada o 28/09/2018 por Dona María Abelleira Méndez con número de entrada 42.924.

6.-Alegación presentada o 27/09/2018 por Dona Sara Santos Ferreiro en representación da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con número de entrada 42.829.

III

Visto o contido das alegacións procédese ao seu análise organizado en función dos artigos modificados:

- Alegacións relativas á modificación do artigo 42
Alegación presentada por Dona María Abelleira Méndez .

A señora Abelleira manifesta que a modificación proposta é nula de pleno dereito por incorrer en desviación de poder, posto que entende que se establecen no seu articulado requisitos máis laxos e non todos os legalmente establecidos para o desenvolvemento da actividade e ter una finalidade distinta á consecución do interese público.

Como fundamento da súa alegación aporta referencia a una sentenza do T.S., sala segunda, de lo penal, de 13 de marzo de 2009 (rec.1421/2008).

Nos seus fundamentos a sentenza atribúe desviación de poder a una actuación administrativa ao respecto da que “ no puede sostenerse bajo contexto interpretativo alguno una solución al significado de la norma “

A alegación non pode estimarse, posto que o contido normativo que constitúe a modificación en ningún caso pode considerarse inxusto, nos termos da sentenza achegada.

A interpretación normativa que contén a modificación, deriva da aplicación de criterios normativos fundados contidos no articulado de textos legais en vigor e da habilitación normativa da nova lexislación na materia.

Pasando a facer unha análise pormenorizada da antedita afirmación , debemos partir de que o apartado 2 do artigo 5 do Decreto 292/2004, de 18 de novembro , polo que se aproba o Catálogo de Espectáculos públicos e actividades recreativas da CC AA de Galicia xa establece unha regulación para o caso de establecementos públicos dedicados á celebración de máis dun tipo de espectáculo ou ao desenvolvemento de varias actividades recreativas compatibles entre sí.

Sinala, ante esa compatibilidade, que se farán constar estas circunstancias na autorización ou licenza .

Tamen no artigo 2 do mesmo Decreto prevíase a posibilidade da existencia lexítima de espectáculos, actividades ou establecementos que non poideran incardinarse nalguna das categorías enumeradas no mesmo .

Pero esta situación non era novidosa; xa o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos aprobado por Real Decreto 2816/1982 de 27 de agosto, prevía no artigo 45.3 a incorporación a un local de instalacións complementarias ou a súa adaptación para a realización de actividades ou a prestación de servizos novos, non previstos na licenza de apertura ou funcionamento , para o que requiría a tramitación e concesión dunha licenza adicional .

A idea de que nun local con licenza para o desenvolvemento dunha actividade se poidan prestar con licenza adicional actividades ou servizos complementarios cando no local concorren as características técnicas para a prestación dese novo servizo non é pois novidosa nin xorde de novo nesta proposta de modificación da ordenanza

municipal , salvo polo feito de que agora o procedemento de autorización xa non é na maior parte dos casos o de licenza ao ser autorizables as actividades coa declaración responsable do promotor.

Na súa alegación , a señora Abelleira parte dun erro e atribúe á proposta una desviación de poder cando non fai mais que desenvolver a habilitación atribuída pola lexislación en vigor desde hai décadas e reforzada pola nova regulación auspiciada pola Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia lei 10/2017, do 27 de decembro .

O erro do que parte é o de considerar que será o solicitante do servizo complementario o que determine a actividade principal .

Pois ben , non é así.

Os locais xa existentes, funcionan ao amparo dunha licenza de apertura ou título que os habilita para desenvolver unha actividade axustada ás categorías do catálogo en vigor nas condicións do proxecto e memoria presentados coa solicitude.

Ésa é a súa actividade principal .

Nese proxecto autorizado constan unas características técnicas de ocupación , evacuación, insonorización , aillamento, instalación, ventilación, acesibilidade.....que son as que o local debe manter en virtude das que se lle aplica o horario correspondente aprobado ate o de agora pola Xunta de Galicia.

Pois ben, ese local con esas características, poderá ofertar aos seus clientes música en directo, sempre que presente a declaración responsable nos termos do disposto na lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas e na disposición transitoria que se engade coa modificación .

A modificación prevista limítase a permitir a prestación dun servizo complementario consistente en que o foco ruidoso – xa lexitimado a nivel de emisión máxima - poida ser unha instalación musical mecánica ou poida ser música en directo . En calquera dos dous casos o nivel de decibelios correspondente ao seu grupo de actividade continúa invariable e determinado polo Decreto 106/2015, de 9 de xullo , sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que a substitúa que, para o establecemento dos límites non se basea nas categorizacións do catálogo senón nos grupos de emisión, enumerando categorías e ampliando ás mesmas co engadido de “ outros similares”.

Lonxe da consideración manifestada pola alegante, a regulación aporta maior seguridade e resulta máis restritiva que a propia habilitación legal. En efecto:

- O modificado artigo 41 bis da Lei de emprendemento permite que ás ordenanzas municipais establezan supostos concretos de espectáculos públicos e actividades recreativas exceptuados do réxime de declaración responsable.E iso non se fixo.
- A Lei 10/2017 derroga o apartado 1 do artigo 7 do Decreto 292/2004 que sinalaba que ningún local poderá ofertar espectáculos ou actividades recreativas distintos aos que figuren na súa licenza.

A alegante manifesta que si nun local hai música en directo na declaración responsable teránse en conta as características do espectáculo e deberán contar cunha póliza de seguro nos termos do artigo 40 da Lei 9/2013, de 19 de decembro .

Asemade manifesta que o Concello deberá comprobar que a instalación cumpre todos os requisitos e en caso contrario, proceder á súa paralización cautelar.

Ante o exposto, a contestación é que o Concello exercerá as súas potestades de control, e cómpre recordar no tocante ao réxime de declaración responsable, que non é esta ordenanza a que o impuxo normativa legal vixente desde 2009 no ámbito da U.E.

A declaración responsable deriva a responsabilidade do cumprimento ao que a presenta. Isto non é una opinión da que subscribe, o artigo 40.2 letra b, referido no escrito de alegación como de obrigado cumprimento, sinala:

“na declaración responsable, a persoa interesada manifesta, **baixo a súa responsabilidade**, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercizo da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercizo.

Sen ánimo de ser reiterativa, de acordo co disposto no artigo 40 da Lei de emprendemento, a simple presentación da declaración responsable habilita para o exercizo da actividade.

Pero ademais, non se condiciona o exercizo lexítimo do concerto ou espectáculo á presentación da declaración con anticipación como sí requiría a normativa anterior para a autorización extraordinaria ou como se esixe para as comunicacións previas de obra. A declaración pode presentarse no día anterior á celebración ou incluso no mesmo día de acordó co disposto na Lei de espectáculos e na Lei de emprendemento á que, como exemplo de rigor se refire a alegante.

Este Concello vai esixir dos que pretendan desenvolver o servizo adicional que acrediten “ex ante” o cumprimento das circunstancias de aillamento do local de acordo coa normativa actualmente en vigor.

Este Concello vai a esixir aos locais que queiran dispoñer desta actividade complementaria, ademais do disposto no artigo 40, que acrediten a colocación dun sonómetro limitador e rexistrador.

E o esixe porque o sonómetro permitirá rexistrar o nivel sonoro e que os servizos municipais realicen a inspección dos datos en calquera momento.

A conclusión á que se chega, lonxe do manifestado pola alegante é que co mesmo nivel de emisión que xa estaba legalmente permitido, se actualizan os controis e as certificacións técnicas para que o foco de ruído poida ser tamen a música en vivo, mantendo as características da actividade orixinaria.

Nesa mesma liña débese rexeitar a manifestación verquida na alegación primeira do escrito presentado o 27 de setembro de 2018, con número de entrada 42.803 posto que, lonxe de reducir a protección acústica esíxese actualizar as certificacións de aillamento conforme ao Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia; amplíase a certificación de aillamento á fachada, esíxese dobre porta salvo excepción moi xustificada e a instalación de sonómetro limitador e rexistrador con certificación de funcionamento de empresa homologada.

Non se axusta á realidade nin fáctica nin normativa como se xustifica máis arriba, o manifestado pola alegante de que o obxecto da ordenanza é salvar obstáculos normativos que , afirma,

“impiden á día da data que se realicen certas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas en locais nos que a día da data non poderían implantarse por non superar as limitacions impostas. “

Pois ben , tal afirmación resulta excesiva e carece de fundamento:

.-Non sinala cal é a normativa que impide desenvolver actividades complementarias nun local habilitado.Mentres que o Concello sí que fundamenta a operatividade da modificación

.-Non aporta proba ningunha de que os locais, aos que se refire en xeral, ¿ningún? atópanse tecnicamente incapacitados para desenvolver espectáculos públicos porque , afirma non *poden superar as limitacións impostas*.

Afirma , sen fundamento nin proba ningunha que ás modificacións non atenden ao interese público senon aos intereses da hostelería nocturna.

Ante o afirmado debemos considerar cales son os intereses a valorar na modificación que se está a tramitar,

En primeiro lugar, os intereses dos empresarios e emprendedores que desenvolven a súa actividade económica no sector terciario da hostelería.

En segundo lugar , as dos cidadáns de Compostela, turistas e visitantes que precisan e demandan oferta de ocio de carácter cultural .

En terceiro lugar os dos vecinos, que deben ter asegurado o dereito ao descanso e teñen recoñecido constitucionalmente a inviolabilidade do seu domicilio .

Non afirmamos nada novo , se recordamos que o disfrute do noso tempo de ocio nun local café bar ou pub, acompañado de amenización musical en vivo ou ambientación musical , non é una pretensión desproporcionada, rompedora, novidosa, alonxada da realidade social , nin diferente ao que se pode atopar en todas as capitales europeas. Promover a satisfacción dos cidadáns tamen é un interese público ao que debe tender a acción executiva e lexislativa.

Non consideramos nada desproporcionado nin irreverente desde o punto de vista normativo, considerar a cultura como un valor a protexer coa regulación . Entre outras cousas porque a defensa e promoción da cultura atópase dentro das competencias municipais e a súa consecución abunda no interese público .

Como xa dixemos derriba, a hostelería forman parte do sector terciario e desenvolve una actividade económica de gran impacto na nosa cidade .

A participación do sector turismo na nosa economía é fundamental e non merece discusión.Promocionar o turismo e protexer este sector tamén é de interese público. Así o considera o lexislador estatal e europeo – véxanse as exposicións de motivos das leis- que , na ultima década contribuíron ao que denominan eliminar as trabas do desenvolvemento empresarial , entre os que se atopan os hosteleiros.

Fundamentado que, desde esa triple perspectiva a modificación normativa tende ao interese público , a cuestión céntrase en xustificar se, a pesares de tal orientación – indiscutible ao modo de ver da que subscribe- hai un dano ou vulneración dun dereito fundamental que na contraposición con outros , como a liberdade económica ou a promoción da cultura, resulta ser prioritario e predominante facendo imposible a consecución dos demais posto que, a súa articulación determinaría a violación do dereito preferente.

Pois ben , non existe una relación de causa efecto entre o feito de que os decibelios sexan xerados por música ao vivo ou por unha T.V., un ordenador, un fío musical ou una mesa de mezclas, e un maior dano ao descanso ou ao dereito á inviolabilidade domiciliar de factura constitucional.

Se un local está insonorizado debidamente o pode emitir ata 80 db A , resulta irrelevante aos efectos da molestia aos veciños, que o foco sexa un ou outro , o relevante é que non se emitan máis decibelios dos que o aillamento e o Decreto 106/2015 permite – o que asegura esta ordenanza co sonómetro limitador que cortará o nivel de emisión de superarse o límite máximo de decibelios permitido.

Parece considerar a interesada que non se van cumprir as condicións da declaración responsable.

Pois ben , non se poden establecer cautelas “ ad futurum “, non é lexítimo prohibir o desenvolvemento de dereitos na crenza de que non se van respectar os seus límites, alomenos non nun estado de dereito .

Para as extralimitacións, a propia lei establece medidas de resposta que , eso si, deben facerse valer con contundencia, celeridade e eficacia. Declarando a ineficacia daquelas autorizacións que se demostran incumpridas e impedindo a súa nova solicitude no prazo que legalmente corresponda, por exemplo .

Alegación presentada por ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA DE COMPOSTELA

Solicitan que no artigo 42 .Clasificación das actividades polo seu grao de molestia,se inclúa un subgrupo B ou Grupo I B que recolla os establecementos con amenización ou ambientación musical.

Esta alegación non se pode estimar porque , non existe variación no grao de molestia pola fonte de ruído . Tal e como consta no Anexo ao Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia, o grao de molestia está determinado polos decibelios emitidos, entre 76 e 80 dbA os cafes bares; entre 80 e 90 db os Pubs ou similares, sendo irrelevante a fonte emisora.

- Alegacións relativas á supresión das superficies mínimas reguladas no artigo 44.3
Alegación presentada por Dona María Abelleira e Dona María Visitación García Montero .

A Sra. Abelleira manifiesta que a normativa que fundamenta a supresión do requisito de superficies mínimas aos locais posibilita para establecer límites ás actividades

económicas ou ao seu exercizo cando se motive na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interés xeral como a protección da orde pública, da seguridade pública , da saúde pública , seguridade e saúde dos consumidores , protección do medio ambiente e do entorno urbano .

Do contido da alegación parece desprenderse que o solicitado non é tanto que se manteña a superficie mínima senón que os requisitos (entre eles os de superficie) sexan diferentes en función do tipo de actividade. Remata considerando que a eliminación da superficie mínima afecta á molestias derivada da emisión de ruído .

Contestación:

Evidentemente, os requisitos técnicos varían na normativa e tamén nesta modificación en función do nivel de emisión permitido, porén non resulta comprensible a razón de diferenciar a superficie en aras de satisfacer o dereito á inviolabilidade do domicilio , xa que ao entender da que suscribe e do Código técnico a superficie e os seus usos tan só se valoran para computar a ocupación, as condición de evacuación.... e en termos económicos, tanto de rendibilidade como de limitación ao dereito de libre empresa (artigo 30 da C.E.) .

Entendo que non se aportan na alegación fundamentos para xustificar a relación entre o mantemento dunha superficie mínima e a protección do medio ambiente ou a seguridade cidadá.

O artigo 9 da Lei 17/2009, que fundamenta a supresión, establece: que todos os requisitos que supediten o acceso a una actividade de servizos deberán fundamentarse nunha razón **imperiosa de interese xeral e ademais deben ser proporcionados a dita razón imperiosa de interese xeral.**

Entrando a analizar o primeiro requisito: Razón imperiosa de interese xeral que esixira sen xénero de dúbida con carácter claro e obxectivo o mantemento dunha superficie mínima. Debe considerarse que a razón que argumenta a alegante para establecer este requisito é evitar a molestia por ruído.

Plantexado nes termos a oposición á supresión , debemos sinalar que aínda que a protección contra o ruído si é unha razón de interés xeral para establecer un requisito de necesidade imperiosa , o requisito da superficie non parece relevante para ese interese xeral, xa que non existe relación de causa a efecto entre que un local sexa máis grande e emita menos ruído .

Máis ben parece o contrario, os locais de pequeno formato tenden a prestar un servizo máis inocuo desde o punto de vista medioambiental (aínda que coa insonorización legalmente esixida e co nivel de emisión correspondente una discoteca tamén é inocua desde ese punto de vista)

A propia Disposición Transitoria segunda da Lei de espectáculos públicos 10/2017 no seu apartado 1 sinala *“As solicitudes de licenzas municipais ou de autorización autonómicas en materia de espectáculos públicos ou actividades recreativas presentadas antes da entrada en vigor desta lei tramitaráanse e resolveráanse de acordo coa normativa vixente no momento da presentación da solicitude. **Se a normativa de aplicación recolle requisitos prohibidos segundo o disposto no artigo 10 da lei 174/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo, estes non serán tidos en conta polo órgano competente.**”*

Como se deriva da norma transcrita a prohibición do requisito aparece regulada en termos tan rigurosos que se tería por non posto .

Calquera regulación que busque establecer unha diferenciación baseada en circunstancias accesorias (como é a superficie) e non vencelladas a unha razón imperiosa de interese xeral incumpriría os principios de proporcionalidade, necesidade e non discriminación que rexen as actividades económicas .

O risco da contaminación acústica conta coa súa propia lexislación para garantir a preservación dos intereses públicos en presenza. En ningunha destas lexislacións se establece a superficie mínima como un parámetro relevante.

O Tribunal constitucional declarou en numerosas sentenzas, entre elas a Sentenza 209/2015, de 8 de outubro de 2015, relativa a un requisito de catalogación, que se o requisito establecido non se corresponde de xeito efectivo cunha motivación de interese xeral podería entenderse que é unha forma de restrinxir a liberdade de establecemento vulnerando a normativa estatal .

Non existe esa correspondencia efectiva entre a superficie e a defensa contra a contaminación acústica, o que nos leva ao outro requisito, o da

Proporcionalidade:

O seu cumprimento esixe que sexa valorada a súa imposición en función da relación de proporcionalidade entre o obxectivo perseguido e a medida complementaria adoptada. É dicir, que a existencia do requisito será valorada como válida se do seu cumprimento se deriva unha diminución do efecto pernicioso nunha proporción importante en termos de proporcionalidade directa.

A consideración aparece esencialmente ligada á eficacia entre o requisito imposto e a consecuencia que a súa imposición ten sobre o obxectivo perseguido (o control do ruído) . Neste caso esa exigencia non se cumpre.

É dentro desta orde de cuestións de non discriminación e proporcionalidade que o art. 4.1 da Lei de economía Sostenible, sinala como principios do exercizo da iniciativa normativa os de necesidade e proporcionalidade

Pola súa parte, a Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de la unidad de mercado, no seu art. 3.2 determina:

- *"Ninguna disposición de carácter general, actuación administrativa o norma de calidade que se refiera al acceso o al ejercicio de actividades económicas podrá contener condiciones ni requisitos que tengan como efecto directo o indirecto la discriminación por razón de establecimiento o residencia del operador económico".*

Seguindo esa liña consolidada, o art. 4 esta mesma Lei 20/2013, respecto del principio de proporcionalidade, preceptúa:

- *"1. Las autoridades competentes que en el ejercicio de sus respectivas competencias establezcan límites al acceso a una actividad económica o su ejercicio de conformidad con lo previsto en el artículo 17 de esta Ley o exijan el cumplimiento de requisitos para el desarrollo de una actividad, motivarán su necesidad en la salvaguarda de alguna razón imperiosa de interés general de entre las comprendidas en el artículo 3.11 de la Ley 17/2009, de 23 de noviembre) sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio.*

2. Cualquier límite o requisito establecido conforme al apartado anterior, deberá ser proporcionado a la razón imperiosa de interés general invocada, y habrá de ser tal que no exista otro medio menos restrictivo o distorsionador para la actividad económica".

Limitar a superficie non é un medio adecuado, nin proporcionado nin é o menos restrictivo para a finalidade perseguida.

Por último, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público), no art. 4.1 (Principios de intervención de las Administraciones Públicas para el desarrollo de una actividad), dispón:

- "Las Administraciones Públicas que, en el ejercicio de sus respectivas competencias, establezcan medidas que limiten el ejercicio de derechos individuales o colectivos o exijan el cumplimiento de requisitos para el desarrollo de una actividad, deberán aplicar el principio de proporcionalidad y elegir la medida menos restrictiva, motivar su necesidad para la protección del interés público así como justificar su adecuación para lograr los fines que se persiguen, sin que en ningún caso se produzcan diferencias de trato discriminatorias. Asimismo deberán evaluar periódicamente los efectos y resultados obtenidos".

- Alegacións relativas á modificación do artigo 44.6
Alegación presentada por Dona María Abelleira Méndez , Dona Visitación García Montero , Dona María Naira Cortizo Almeida e Don Marcos M.Pombo Romero en representación de ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO Casco Histórico.

En esencia os alegantes opóñense a que se permita a amenización ou ambientación musical por medios técnicos nos locais do Grupo I porque non están insonorizados.

A contestación á alegación resulta clara, como se espuxo na resposta á alegación primeira, os locais do Grupo I que non estean insonorizados non poderán ter amenización nin ambientación musical. Tampouco, evidentemente, calquera local de ningún outro grupo.

A modificación proposta pretende revisar unha normativa totalmente anacrónica que reducía a ambientación nun café bar a unha T.V. ou a unha radio .

Na redacción actual do artigo 44.6 non se permite a instalación ou uso de aparellos tipo MP3, ordenador , en fin , non se pretende ser exhaustivo pero calquera cidadán pode chegar a comprender a absoluta desconexión entre a pretensión de que nun local a música tan só se emita a través dunha radio e os tempos de revolución tecnolóxica en que vivimos .

Por outra banda volvemos ao principio que preside toda a modificación , **o determinante é o nivel de decibelios emitido non a instalación que a emite.**

En estreita relación co disposto , atópase o denominado *Principio sociolóxico de interpretación normativa*.

O citado principio preconiza que a interpretación normativa e a norma deben atender aos requirimentos da realidade social do momento.

Para o xurista Manuel Albaladejo “ *el Método Sociológico es el que proviene de la realidad social y procede de observar lo que postula la realidad social del tiempo en que se actúa.*”

Debe suliñarse que o Código Civil (art. 3,1) foi o primeiro en recoñecer a realidade social como elemento de interpretación, posto que a realidade social do tempo de aplicación da norma pode ser distinta – coma é o caso – á realidade social existente cando de promulgou a norma .

Nesa liña, as normas non só regulan a vida en sociedade senón que son produto desta ; de ahí que a súa interpretación non se pode ser allea á influencia do contexto social no que será aplicado.

Procede rexeitar a alegación presentada polos motivos expostos mantendo a xustificación da aprobación inicial en orde a que as emisións sonoras deben respectar os límites establecidos na normativa aplicable con independencia da fonte do ruído.

A introdución de diferenciacións entre as distintas categorías de locais en función dos aparellos ou fontes de produción de ruído non se axusta á legalidade aplicable.

- Alegación relativa á modificación do artigo 47.Instalación de aparellos de control(sonómetro).

Alegación presentada por Dona Sara Santos Ferreiro , como Presidenta da Asociación Provincial de empresarios de Restauración e hospedaxe de Santiago de Compostela .

A asociación saolicita na nova redacción do punto 1, que se *engada* “ *que non será necesario facer unha nova medición do aillamento do establecemento unha vez se instale o sonómetro* “ .Entenden que coa instalación do sonómetro xa se regulan suficientemente as emisións sonoras e o único que farían outro tipo de medidas sería xerar máis gasto aos propietarios dos establecementos.

A alegación non se pode estimar por dúas razóns:

1/ A amenización ou ambientación musical non é obrigatoria, polo que tampoco o é a instalación dun sonómetro. Será o solicitante o que debe valorar o interese de prestar un ou outro servizo tendo en conta as condicións impostas.

2/ As licenzas ou autorizacións para a apertura de establecementos ou celebración de espectáculos , a diferenza das licenzas de obra, determinan unha relación continua no tempo entre a administración e o titular da actividade, así como a obriga deste de adaptarse a novos requisitos normativos .

Todas as medidas de control e intervención deben estar xustificadas e realizarse con habilitación legal, pero a administración municipal debe contar con todos os recursos legalmente establecidos para asegurar o desenvolvemento das actividades nos termos da súa licenza e autorización e sen causar molestias.

Non procede autolimitarse nas medidas de control o que procede é exercelas de acordo coa habilitación legal .

A alegación debe rexeitarse.

Alegación presentada por Dona Visitación García e por Don Marcos Pombo en representación da Asociación de veciños do Casco Histórico.

O alegante parte do erro de que non se esixe sonómetro aos locais do Grupo I que desexen contar con amenización ou ambientación musical.

O texto do artigo é claro: “ Esta obriga esixirase nos mesmos termos para os locais do Grupo I que soliciten autorización para contar con amenización ou ambientación musical

- Alegación relativa á introdución dunha disposición transitoria terceira presentada por Dona María Abelleira.
Entende que se pretende encubrir os cumprimentos das disposicións recollidas na Lei de espectáculos.

Non é esa a finalidade da D.T. , a documentación que se esixe segundo a D.T. 3º é complementaria da esixible legalmente.

Se se determina a necesidade de presentar declaración responsable e unha lei regula para ese suposto específico a configuración de tal figura xurídica , resulta evidente que esa declaración o será nos termos regulados e non noutros. .

Porén , considerando que a redacción poidera xerar confusión , en aras da claridade e seguridade xurídica, propónse engadir a referencia normativa seguinte quedando coa redacción que se transcribe:

“ Os establecementos que pretendan ofertar espectáculos, servizos ou desenvolver actividades complementarias ou adicionais que non consten nos seus títulos habilitantes deberán presentar a correspondente declaración responsable á que deberán achegar, ademais da documentación esixida pola normativa aplicable, nomeadamente Lei de emprendemento e competitividade 9/2013 , Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas 10/2017 ou normativa que as substitúa, a seguinte documentación :

-Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste o nivel de aillamento do local con relación a todos os paramentos, incluída a fachada.

- Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste a instalación e posta en funcionamento dun sonómetro , así como a súa capacidade para rexistrar e limitar o nivel de decibelios emitidos e existentes no local.

-Acreditación da existencia de dobre porta ou xustificación asinada por técnico competente da imposibilidade da súa instalación e medidas alternativas.”

- Alegación presentada por Dona Visitación García e por Don Marcos Pombo en representación da Asociación de veciños do Casco Histórico relativa ao proceso de elaboración e consultas previas

Os alegantes critican que na elaboración da modificación non se contara coa participación dos veciños.

Tamén censuran que a publicación se realizara no mes de agosto e non se valoraran as características especiais do Casco Histórico con rúas estreitas, de pedra e casas sen aillamento.

Nada ten que aportar a que subscribe ao alegadado en primeiro lugar.

Sinalar que o dereito de información pública e participación estiveron garantidos como demostra o feito de que se presentaron e valoraron os escritos de alegacións e as consideracións que neles se manifestan.

En canto ao sinalado en segundo lugar, concorda a que subscribe coa consideración de que o casco histórico da nosa cidade e, en xeral, todos os cascos históricos teñen unha configuración que singulariza as dificultades de manter as rúas en niveis de ruído axeitados.

As razóns esgrimidas nos escritos de alegacións, cando se aborda esta problemática, son que as rúas son estreitas, as casas son vellas e sen aillamento, con ventás de madeira, vivendas en plantas baixas ... non poden considerarse na tramitación que nos ocupa e deben analizarse nun ámbito de actuación máis global.

Procedemento:

A aprobación da modificación, como xa se espuxo no informe elaborado con data 05 de xullo de 2018, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación e sometida a información pública, require a resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas e proceder á súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

Para a aprobación da modificación da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, é necesario o informe previo da Asesoría Xurídica, segundo establece o artigo 89 do Regulamento orgánico municipal.

Visto o exposto, sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que someto o presente informe e a modificación proposta, procede, previo informe da Asesoría Xurídica municipal, e á proposta do Concelleiro de Espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relación veciñais, trasladar ao Pleno da Corporación Municipal a proposta seguinte:

- Rexeitar a totalidade das alegacións presentadas á aprobación inicial da modificación da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais aprobada polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de novembro de 2003, modificada por acordo do Pleno da Corporación en sesión de 1 de outubro de 2010, polas razóns expostas nos antecedentes que expresamente forman parte do contido desta resolución.
- Aprobado definitivamente a modificación da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, e que afectan aos artigos 42.2, 44.3, 44.6, 47, disposición adicional, disposición adicional quinta, e á inclusión dunha disposición transitoria terceira, que quedan redactados do seguinte xeito:

Engádese un apartado 2 no artigo 42

2. Nos establecementos públicos dedicados a máis dun tipo de espectáculos, á prestación de máis dunha clase de servizos ou ao desenvolvemento de máis dunha categoría de actividades recreativas compatibles, cumprirá que conste esa circunstancia nos títulos habilitantes. Estes títulos indicarán cal é o espectáculo, servizo ou actividade recreativa que se considera principal do establecemento. As condicións específicas sobre aforo ou cabida, evacuación, límites sonométricos e horario serán as do espectáculo, servizo ou actividade recreativa declarada como principal.

Supresión do artigo 44.3

Modificación do artigo 44.6

6. Con carácter xeral, nos establecementos dos Grupos I a V permítese a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo, con ou sen amplificación. Non se poderán superar, en ningún caso, os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no Anexo do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Para estes efectos enténdese por amenización musical a realización en directo de actuacións musicais ou músico-vocais; e por ambientación musical a propagación ou difusión de música a partir dun sinal recibido por calquera medio de transmisión ou reproducida desde calquera clase de gravación diferente das actuacións ao vivo.

No caso de que se desenvolvan concertos en directo en establecementos habilitados para a prestación dese servizo como complementario doutra actividade principal, o aforo ou cabida do establecemento continuará sendo o correspondente á actividade principal. Considérase actividade principal a que conste no título habilitante do establecemento, a que é definitoria da súa categoría ou a que se desenvolva habitualmente.

Modificación do artigo 47.1 Instalación de aparello de control (sonógrafos)

1. Para controlar os límites sonoros establecidos nesta Ordenanza e no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa, os establecementos que desenvolvan actividades clasificadas dentro dos grupos II, III, IV e V están obrigados a instalar aparellos de control permanente de emisións sonoras, dotados de dispositivo que as interrompa cando superen os límites establecidos. Os gastos derivados da instalación e funcionamento dos citados aparellos correrán por conta dos titulares da actividade.

Esta obrigaón tamen lles será exixible aos establecementos do Grupo I cuxo título habilitante lles permita contar con amenización ou ambientación nos termos definidos no apartado 6 do artigo 44 desta Ordenanza.

Disposición adicional terceira

Os outros tipos de actividades molestas non previstas especificamente nesta Ordenanza

(talleres, garderías baixo vivendas, panaderías e pastelerías -con fabricación-carnicerías, locutorios informáticos, ximnasios e outros de natureza semellante) esixiráselles a insonorización mínima establecida no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa.

Disposición adicional quinta

No título substitúese a referencia a “Edificios Catalogados” por “Ámbitos Catalogados”.

O parágrafo terceiro en lugar de “edificios catalogados” di “ámbitos suxeitos a protección patrimonial” para os efectos de aplicar a excepción.

Engádesse un parágrafo cuarto coa seguinte redacción:

“Nos locais ubicados en edificios catalogados nos que sexa imposible cumprir o requisito de altura mínima por resultar incompatible coa normativa de protección do patrimonio cultural, pódese admitir con carácter excepcional, previa petición debidamente motivada do promotor, a redución ata un 10% do requisito de altura mínima de 2,50 m, sempre que teña por finalidade mellorar as condicións de insonorización dos paramentos do local.

- A redacción da **Disposicion Transitoria Terceria** quedará como segue:

“ Os establecementos que pretendan ofertar espectáculos, servizos ou desenvolver actividades complementarias ou adicionais que non consten nos seus títulos habilitantes deberán presentar a correspondente declaración responsable á que deberán achegar, ademáis da documentación esixida pola normativa aplicable, nomeadamente a Lei de emprendemento e competitividade 9/2013 a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas 10/2017, ou normativa que as substitúa, a seguinte documentación :

-Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste o nivel de aillamento do local con relación a todos os paramentos, incluída a fachada.

- Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste a instalación e posta en funcionamento dun sonómetro , así como a súa capacidade para rexistrar e limitar o nivel de decibelios emitidos e existentes no local.

-Acreditación da existencia de dobre porta ou xustificación asinada por técnico competente da imposibilidade da súa instalación e medidas alternativas.”

Xa que logo, a vista do informe transcrito mais o ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestrutura, vivenda , medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto a votación cos votos a favor do grupo C.A. (10 votos) e B.N.G (2), 9 votos en contra do grupo popular, e abstención do grupo P.S.O.E. (3 votos), adoptou o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente a *Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial*.

O documento reformado que se somete a aprobación definitiva incorpora a nova redacción proposta para o artigo 143 bis, anteriormente transcrita.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PE-1 no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional no que se contén o exame das alegacións presentadas.

Previa petición do portavoz do grupo popular, Don Agustín Hernández, Fernández de Rojas, e coa aceptación do señor alcalde-presidente ,pasa a debatirse o punto nº 9.

9.-PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2018-SUPLE-06 DE IMPORTE 3.085.870,12 EUROS.

Visto o informe- proposta de Ref. 46/2018, asinado polo técnico da oficina de orzamentos don Jesús Noya Liste e a directora de área de Réxime Interior dona Silvia Aramburo Vázquez con data 30 de outubro de 2018 ,

I. ANTECEDENTES.

1. Decreto da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración nº 4962 de 29 de xuño de 2018 de aprobación da Liquidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2017.
2. Informe intervención nº 392/2018 de 19 de xullo de 2018 de verificación do cumprimento de estabilidade en relación á Liquidación do Orzamento municipal de 2017.
3. Acordo plenario de 26 de xullo de 2018 de aprobación inicial dos expedientes de suplemento de crédito 2018-SUPLE-03 por importe de 2.102.851,61 euros e de crédito extraordinario 2018-CREXT-04 por importe de 893.900,23 euros financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2017 (BOP nº 144 de 31/07/2018). Aprobación definitiva con publicación no BOP nº 164 de 29 de agosto de 2018.

II. FEITOS.

A liquidación do exercicio 2017 do Orzamento Xeral do Concello presentou superávit orzamentario consolidado por importe de 8.528.569,48 e un saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) do Concello de **7.885.754,08 euros**. A efectos deste expediente, tómasse en consideración o saldo do RLT para GX por ser o de menor contía.

En primeiro lugar, e antes de aprobar a aplicación efectiva do saldo do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX), compre minorar este saldo

polo importe das contías aplicadas no ano 2017 a investimentos financeiramente sostibiles (IFS) con base no superávit do ano 2016 e que non chegaron a executarse integramente no exercicio 2017 (saldos de A ou AD a 31/12/2017 dos proxectos de investimentos recoñecidos como IFS) ao seren de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito. Neste sentido, e así o recolle o propio informe de intervención 392/2018 antedito, tense tramitado un expediente de incorporación de remanentes 2018-INCOR-05 por importe de 1.803.132,12 euros, quedando nese intre un importe restante de 6.082.621,96 euros para outras finalidades.

Con posterioridade, en acordo plenario de 26 de xullo de 2018, aprobouse inicialmente un expediente modificativo de crédito financiado co RLT para GX do Concello do exercicio 2017 –crédito extraordinario (2018-CREXT-04) e suplemento de crédito (2018-SUPLE-03)– que entrou en vigor, ao non terse recibidas reclamacións, despois da súa publicación no BOP nº 164 de 29 de agosto de 2018, onde se acordou a aplicación efectiva de **2.996.751,84 €** do montante total do RLT para GX do exercicio 2017, quedando a espera dunha toma de decisión posterior en relación á aplicación do saldo restante co obxecto de garantir a capacidade de financiamento do Concello (estabilidade orzamentaria) a 31/12/2018 e sen prexuízo dunha análise posterior con base na evolución da execución orzamentaria ao longo do presente exercicio 2018.

Do antedito pódese concluír que o saldo pendente na actualidade de aplicar procedente do RLT para GX do Concello do exercicio 2017 é o que se amosa no seguinte cadro explicativo:

Importe RLTGX 2017	7.885.754,08	
Aplicación realizada do RLT para GX do 2017	Importe	Expediente modificativo
Destino Incorporación remanentes IFS 2017	1.803.132,12	2018-INCOR-05
Amortización débeda por inexecución RLTGX 2016	1.097.842,66	2018-SUPLE-03
Destino OPAS E PPA 2017	1.898.909,18	2018-SUPLE-03 e 2018-CREXT-04
Suma de aplicacións efectuadas na actualidade	4.799.883,96	
Importe pendente de aplicación do RLT para GX 2017	3.085.870,12	2018-SUPLE-06

Feita esta análise previa, e tendo en conta a data na que se tramita este expediente de modificación de crédito, resulta necesaria a aprobación plenaria da aplicación efectiva do saldo existente do RLT para GX do Concello do exercicio 2017, seguindo os criterios e orde de aplicación establecidos na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**.

O artigo 32 da LO 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira –LOEOSF, en diante-, contén a seguinte prescrición xeral sobre o destino do superávit orzamentario:

No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, deberá destinarse a reducir o nivel de endebedamento neto, sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda.

Para estes efectos, enténdese por superávit a capacidade de financiamento consonte o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo, tal e como se define na normativa europea.

Xunto coa antedita regra xeral, o lexislador orgánico articulou unha sorte de regra especial na Disposición adicional sexta da mesma LOEOSF:

“1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

- a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*
- b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

- a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*
- b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*
- c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.*

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12. 5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo. “

En coherencia co antedito marco normativo, e tendo en conta os antecedentes expostos –incorporación de remanentes polo saldo de autorizado e comprometido no ano 2017 en relación aos IFS do exercicio 2017 financiados coa aplicación do RLT para GX do exercicio 2016, aplicación previa aos gastos rexistrados na conta 413, aos pagos pendentes de aplicación e a amortización parcial de débeda financeira pola inexecución do RLT para GX do exercicio 2016- e as circunstancias concurrentes – en

termos de requirimentos esixidos-, procede cumprir coa obrigación de dedicar o superávit orzamentario pendente a amortizar débeda financeira como segue:
 Aplicar como **suplemento de crédito** na aplicación **030/01100/91300** unha contía final de **3.085.870,12 euros**. O seu detalle é o seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	3.085.870,12
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					3.085.870,12
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO					3.085.870,12
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2017 - Aplicación 87000					

III. PROPOSTA

Logo de ver que a liquidación do exercicio 2017 do Orzamento Xeral do Concello presentou un superávit orzamentario axustado aos efectos do redactado no artigo 32 da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira** (superávit orzamentario en termos da lei) de contía **8.528.569,48 euros** cun saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) do Concello de **7.885.754,08 euros**.

Tendo en conta que o Concello xa aprobou, mediante un expediente de incorporación de remanentes 2018-INCOR-05, a aplicación efectiva de 1.803.132,12 euros con cargo ao saldo do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) de 2017, co obxecto de dar cobertura aos saldos de autorizado e comprometido dos proxectos de investimentos de IFS aprobados con base no superávit do ano 2016, ao seren de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito.

Tendo en conta que o Concello de Santiago xa aprobou e tramitou un primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación efectiva parcial do RLT para GX do exercicio 2017 - crédito extraordinario (2018-CREXT-04) e suplemento de crédito (2018-SUPLE-03)– por unha contía de **2.996.751,84 €**, co seguinte detalle resumido:

	SC	CE	Totais
AMOTIZAR DÉBEDA	1.097.842,66		1.097.842,66
OPAS (aplicación 413)	996.549,83	893.900,23 €	1.890.450,06
PPA (aplicación 400)	8.459,12		8.459,12
	2.102.851,61	893.900,23	2.996.751,84

Verificado que este expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2017 segue para o seu uso as prioridades emanadas da DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e as directrices establecidas no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2017.

Logo de ver o carácter específico e determinado do gasto a realizar e que o expediente ten carácter urgente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, e de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

QUINTO: elevar automáticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do

resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Xa que logo, a vista do informe transcrito, mais o ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestrutura, vivenda , medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto a votación cos votos a favor do grupo C.A. (10 votos) e abstencións do grupo popular (9), do grupo P.S.O.E.(3), B.N.G (2), adoptou o seguinte acordo:

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2018-SUPLE-06 DE IMPORTE 3.085.870,12 EUROS FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2017.

Abandona o salón de sesións o concelleiro Don Manuel Martínez Varela, non reintegrándose o mesmo no resto da sesión.

6.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LENGUA GALEGA.

A proposta da Alcaldía de 29 de outubro de 2018 di o seguinte:

“O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que “o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da

Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolvesas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia, como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5.^a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non establecido nela, a lexislación do Estado sobre asociacións.

Nos artigos posteriores, dispón que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que estarán regulados pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para conseguiren os seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, nunha xuntanza entre diversos concellos, celebrada o pasado 25 de outubro en Santiago de Compostela, formulouse a proposta de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega que se rexerá polos estatutos que se xuntan.

De acordo co texto dos estatutos, poderán integrarse na asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin. No caso deste Concello, a política lingüística é unha materia responsabilidade directa desta Alcaldía que se concreta no desenvolvemento dun amplo programa de accións dirixidas a diversos sectores sociais, ademais de ao propio funcionamento administrativo. Este Concello conta no seu organigrama cun servizo de normalización, coñecido coa denominación de Departamento de Lingua Galega e dotado con persoal especializado e estable.

Por outra parte, o artigo 28 do borrador de estatutos establece unha cota ordinaria que deberán aboar as entidades que formen a asociación, en función do tramo de poboación no que se inclúan. Tendo en conta a poboación deste Concello, correspóndelle unha cota de 10.000 euros, que deberán ser aboados no primeiro trimestre de cada ano con cargo á aplicación que se consigne no orzamento xeral do Concello.

Ao abeiro do anterior e do que dispoñen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, propóñense para seren aprobados polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

- 1 Manifestar a vontade do Concello de Santiago de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
- 2 Aprobar a proposta de estatutos (anexo 1) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
- 3 Manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade e designar a D.Martiño Noriega Sánchez ou concelleiro/a en quen delegue, como representante política/o da Corporación na asemblea da Asociación e a responsable do Departamento de Lingua Galega , como representante técnica.

4. Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral do Concello a partir do ano 2019 os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Martiño Noriega Sánchez

Alcalde do Concello de Santiago

ANEXO I

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias sobre lingua galega. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que *o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña

unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolvesas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Nos artigos posteriores establece que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que se rexerán pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense

para a consecución dos seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, as entidades locais adheridas manifestamos a nosa vontade de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, que se rexe polos seguintes estatutos.

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1

O obxecto destes estatutos é regular a constitución e o funcionamento da Asociación de Entidades Locais pola Lingua galega, como asociación sen ánimo de lucro ao abeiro do que establece a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2

Son fins principais da asociación:

- 1 Promover e dinamizar o uso da lingua galega desde o ámbito dos concellos e do resto de entidades locais asociadas de xeito cooperativo.
- 2 Impulsar e dar apoio aos proxectos e iniciativas que das entidades locais asociadas se xeren arredor da dinamización da lingua galega en todos os ámbitos mencionados.
- 3 Crear e manter espazos de intercambio de experiencias e de formación sobre o proceso de normalización lingüística.
- 4 Procurar a coordinación da acción dos servizos de normalización lingüística das entidades locais asociadas.
- 5 Prestarlles servizos de asesoramento ás entidades asociadas na promoción e impulso dun maior emprego da lingua galega.
- 6 Elaborar e presentarles propostas ás institucións autonómicas, estatais ou europeas sobre dinamización lingüística.
- 7 Fomentar o contacto e a relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa das linguas propias do seu territorio en situación de minorización ou minoría.
- 8 Incluír os proxectos que desta asociación deriven no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados á conservación e promoción das linguas minorizadas e minoritarias e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Artigo 3

A asociación, en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

A súa sede será rotatoria entre as entidades locais membros e corresponderá á da entidade que a presida.

Artigo 4

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, consonte estes estatutos, pola vontade das entidades locais asociadas expresada nunha asemblea xeral extraordinaria ou polas causas que establece a lexislación vixente.

Artigo 5

A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

1 Terá un carácter non lucrativo.

2 Para cumprir os seus fins, a asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

3 Todos os seus ingresos aplicaranse para os fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso repartilos entre as entidades locais asociadas nin cedelos a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

4 O seu patrimonio será independente do das súas entidades asociadas.

5 Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu repartimento entre entidades asociadas nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

6 Anualmente, a Xunta Directiva presentaralle á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado xunto cos xustificantes de gasto, que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de entidades locais socias.

7 Para contratar servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

Artigo 6

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá:

- 1 Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes para os seus fins.
- 2 Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa promoción e dinamización da lingua galega entre os membros.
- 3 Dirixirse aos poderes públicos e intervir, se é o caso, na formulación de propostas normativas ou de desenvolvemento de accións en prol da lingua.
- 4 Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos, cursos e xornadas.
- 5 Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- 6 Planificar e executar programas en relación coa súa finalidade e obxectivos.
- 7 Realizar calquera outra actividade que poida resultar conveniente para os fins da entidade, con suxeición á lexislación vixente.

CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES ASOCIADAS

Artigo 7

Poderán formar parte da asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin.

Artigo 8

As entidades locais interesadas deberán expresar a súa vontade de adhesión mediante un acordo do órgano competente da corporación, que se expresará tamén a aceptación destes estatutos.

As entidades locais que desexen incorporarse despois da constitución da asociación deberán solicitalo por escrito facendo constar a vontade de adhesión e a aceptación dos estatutos. O acordo para incorporalas correspóndelle á Asemblea Xeral.

Artigo 9

As entidades locais membros da asociación terán os dereitos que seguen:

- 1 Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se realicen.
- 2 Ser candidatas aos cargos dos órganos de goberno.
- 3 Participar nas áreas de traballo da asociación.
- 4 Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- 5 Ter coñecemento da execución do orzamento.

6 Solicitarlle á Presidencia que reúna a Asemblea Xeral.

Artigo 10

As entidades locais membros da asociación terán as seguintes obrigas:

- 1 Cumprir os estatutos e os acordos válidos da asociación e dos seus órganos de goberno.
- 2 Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, se é o caso, poidan establecerse.
- 3 Colaborar coa asociación para conseguir os fins propostos, prestando, se fose necesario, o apoio do persoal propio para a xestión da entidade.

Artigo 11

A condición de entidade local socia alterarase por algún dos seguintes motivos:

- 1 Por vontade da propia entidade manifestada nun acordo do órgano de goberno que corresponda normativamente.
- 2 Por incumprimento destes estatutos, nomeadamente do que establecen sobre os fins da asociación.
- 3 Por falta de pagamento da cota de tres ou máis anualidades.

A proposta de separación dunha entidade local, por vontade propia ou por incumprimento das súas obrigas, deberalle ser formulada pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral e será válida desde o momento en que esta a acorde por maioría simple dos membros presentes.

O membro que, por calquera causa, deixe de pertencer á asociación estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigas contraídas con anterioridade.

En caso de baixa voluntaria, as obrigas coa asociación deixarán de ter efecto desde o momento en que a Xunta Directiva tome conta da solicitude da entidade local.

Artigo 12

A pertenza á asociación implica a obriga do pagamento da cota de participación no primeiro trimestre de cada anualidade.

A situación de débeda dunha cota anual implicará a perda do dereito de voto nos órganos da asociación e, polo tanto, a imposibilidade de optar a formar parte da Xunta Directiva.

Co fin de garantir o cumprimento desta obriga, ao inicio de cada asemblea, a Tesourería dará conta da situación das entidades membros.

Perderase a condición de entidade socia pola falta de pagamento de tres cotas ou máis cando, unha vez requirido, pasen máis de tres meses sen que se efectúe.

Artigo 13

As entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción dun maior uso da lingua galega poderán sumarse á asociación como membros amigos.

A condición de membro amigo supón que a entidade pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto. Non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga de pagar as cotas.

Para obter a condición de membro amigo, a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando a súa vinculación coa defensa e promoción da lingua galega. Será a Asemblea Xeral a que acorde ou denegue admitila.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea Xeral, onde están representadas todas as entidades locais socias.
- Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría, a Tesouraría e tres vogalías.

Artigo 15

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das corporacións asociadas.

As entidades socias estarán representadas polo responsable político que designen consonte a súa normativa e polo responsable técnico do Servizo de Normalización Lingüística. En calquera caso, a cada entidade socia corresponderalle un único voto.

Artigo 16

Son competencias da Asemblea Xeral:

- 1 Aprobar os estatutos e a súa modificación.
- 2 Aprobar o plan de actuacións da asociación.

3 Aprobar os orzamentos e contas xerais.

4 Aprobar as normas de funcionamento que desenvolvan estes estatutos, se é o caso.

5 Aprobar as cotas ordinarias e as achegas económicas extraordinarias.

6 Establecer a estrutura organizativa.

7 Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos que establezan os estatutos e a demais normativa que os poida desenvolver.

8 Admitir novas entidades socias e membros amigos.

9 Acordar a separación dos membros que incumpran as súas obrigas de acordo con estes estatutos.

10 Disolver a asociación.

Artigo 17

As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, e será convocada pola presidencia cun mínimo de quince días de antelación á data en que vaia ter lugar.

A asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, e será convocada pola Presidencia ou por pedimento dun terzo das entidades socias. A convocatoria farase coa máxima antelación necesaria e, cando menos, dous días antes.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan dous terzos das entidades asociadas con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se realizará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a presidencia e, cando menos, un terzo das entidades socias, coas excepcións reguladas no artigo 19.

Artigo 18

A convocatoria das asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, formularase por escrito e será enviada, prioritariamente por medios electrónicos. Incluirá, en todo caso, o lugar, día e hora en que vai ter lugar a xuntanza e a orde do día da sesión.

Os asuntos da orde do día serán todos aqueles que, dentro dos fins da asociación, propoña a Xunta Directiva ou un terzo dos membros da asociación, sempre que o soliciten expresamente.

De cada sesión, redactarase unha acta en que consten os acordos adoptados a respecto de cada un dos asuntos.

Artigo 19

En xeral, os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia. Requirirase unha maioría cualificada dos membros presentes ou representados, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, para

- 1 Nomear ou destituír a Xunta Directiva.
- 2 Nomear ou destituír a Presidencia.
- 3 Acordar a integración nunha federación de ámbito máis amplo.
- 4 Dispoñer dos bens integrantes do capital inmovilizado, se é o caso.
- 5 Modificar os estatutos.
- 6 Disolver a entidade.

Artigo 20

A Presidencia da asociación será elixida na Asemblea Xeral de entre as entidades locais que desexen exercela, coa maioría que dispón o artigo 19.

A Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería e as tres vogalías que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidas entre as entidades asociadas que se postulen. No caso de que non se formulen propostas abondas para todos os cargos da Xunta Directiva, elixiranse entre as entidades que aínda non fosen membros.

Artigo 21

O mandato da Xunta Directiva será de dous anos.

Calquera dos membros da Xunta Directiva poderá deixar o cargo polas seguintes causas:

- 1 Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.
- 2 Por perda da condición de membro da asociación.
- 3 Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se realice a seguinte asemblea xeral ordinaria. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 22

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1 Aprobar o programa de traballo e os proxectos da asociación.
- 2 Propoñer e executar o orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral e segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- 3 Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- 4 Crear comisións de traballo por áreas ou para desenvolver proxectos concretos das que poderán formar parte as persoas representantes das entidades que se acorde, sexan ou non membros da Xunta Directiva.
- 5 Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, que deberán ser ratificadas posteriormente pola asemblea na súa seguinte sesión.
- 6 Velar polo bo funcionamento da asociación.
- 7 As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

Artigo 23

A Presidencia da asociación terá as seguintes atribucións:

- 1 Representar a asociación.
- 2 Tutelar o persoal técnico con que poida contar a asociación.
- 3 Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral.
- 4 Ordenar e autorizar pagamentos.
- 5 Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades.

A Vicepresidencia substituirá a Presidencia en caso de ausencia ou naqueles en que esta lle delegue o exercicio das súas competencias.

Artigo 24

Son funcións da Secretaría:

- 1 Asistir a Presidencia nas asembleas e xuntas directivas.
- 2 Redactar e autorizar as actas e certificacións dos acordos que se adopten na asemblea e na Xunta Directiva.

3 Dirixir os servizos técnicos da asociación.

4 Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.

Artigo 25

Son funcións da Tesourería:

1 Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.

2 Cumprir as ordes de pagamento que dite a Presidencia.

3 Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación e darlles conta deles á asemblea e á Xunta Directiva.

Artigo 26

A asociación procurará dispor do persoal técnico necesario para desenvolver coa maior eficacia os fins para os que se crea e, nomeadamente, para as tarefas de xerencia, apoio aos órganos de goberno e xestión dos programas de actuación. Poderá contar, así mesmo, co apoio do persoal técnico das entidades locais socias.

CAPÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27

Os recursos da asociación procederán de:

1 As cotas ordinarias de carácter anual.

2 As achegas extraordinarias que realicen as entidades socias para o desenvolvemento de programas aos que se adhiran ou polas prestacións que reciban.

3 As subvencións ou doazóns que se reciba.

4 Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

Artio 28

Establécense as seguintes cotas ordinarias, que terán carácter anual e poderán ser revisadas pola Asemblea Xeral cada dous anos.

Concellos con menos de 5.000 habitantes: 1.000 euros.

Concellos entre 5.001 e 30.000 habitantes: 2.500 euros.

Concellos entre 30.001 e 80.000 habitantes: 5.000 euros.

Concellos de 80.001 habitantes en diante: 10.000 euros.

Deputacións provinciais: 30.000 euros.

O aboamento das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano segundo se regula nos artigos 10 e 12 destes estatutos.

Artigo 29

A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade e cumprirá tamén coas demais obrigas contables que determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e rematará cada ano o día 31 de decembro agás no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, agás no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO V. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 30

A asociación poderá disolverse se así o acorda a Asemblea Xeral, se incorre nalgunha das causas que determina o artigo 39 do Código civil ou existe unha resolución xudicial firme neste sentido.

O acordo de disolución deberá ser adoptado nunha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para este fin.

Unha vez adoptado este acordo, constituirase unha comisión da asemblea que se encargará de liquidar a asociación e repartir o patrimonio social entre as entidades socias, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.”

A Comisión Municipal Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e especial de Contas na sesión ordinaria celebrada o 8 de novembro, ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

2. Proposta da Alcaldía ao Pleno para a adhesión do Concello de Santiago á Asociación de Entidades Locais pola Lengua Galega.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que “o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolvealas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia, como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5.^a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non establecido nela, a lexislación do Estado sobre asociacións.

Nos artigos posteriores, dispón que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que estarán regulados pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para conseguiren os seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, nunha xuntanza entre diversos concellos, celebrada o pasado 25 de outubro en Santiago de Compostela, formulouse a proposta de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega que se rexerá polos estatutos que se xuntan.

De acordo co texto dos estatutos, poderán integrarse na asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin. No caso deste Concello, a política lingüística é unha materia responsabilidade directa desta Alcaldía que se concreta no desenvolvemento dun amplo programa de accións dirixidas a diversos sectores sociais, ademais de ao propio funcionamento administrativo. Este Concello conta no

seu organigrama cun servizo de normalización, coñecido coa denominación de Departamento de Lingua Galega e dotado con persoal especializado e estable.

Por outra parte, o artigo 28 do borrador de estatutos establece unha cota ordinaria que deberán aboar as entidades que formen a asociación, en función do tramo de poboación no que se inclúan. Tendo en conta a poboación deste Concello, correspóndelle unha cota de 10.000 euros, que deberán ser aboados no primeiro trimestre de cada ano con cargo á aplicación que se consigne no orzamento xeral do Concello.

Ao abeiro do anterior e do que dispoñen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, propóñense para seren aprobados polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

- 1 Manifestar a vontade do Concello de Santiago de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
- 2 Aprobar a proposta de estatutos (anexo 1) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
- 3 Manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade e designar a D.Martiño Noriega Sánchez ou concelleiro/a en quen delegue, como representante política/o da Corporación na asemblea da Asociación e a responsable do Departamento de Lingua Galega , como representante técnica.
3. Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral do Concello a partir do ano 2019 os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Martiño Noriega Sánchez

Alcalde do Concello de Santiago

ANEXO I

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias sobre lingua galega. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que *o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolvesas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Nos artigos posteriores establece que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que se rexerán pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para a consecución dos seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, as entidades locais adheridas manifestamos a nosa vontade de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, que se rexe polos seguintes estatutos.

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1

O obxecto destes estatutos é regular a constitución e o funcionamento da Asociación de Entidades Locais pola Lingua galega, como asociación sen ánimo de lucro ao abeiro do que establece a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2

Son fins principais da asociación:

- 1 Promover e dinamizar o uso da lingua galega desde o ámbito dos concellos e do resto de entidades locais asociadas de xeito cooperativo.
- 2 Impulsar e dar apoio aos proxectos e iniciativas que das entidades locais asociadas se xeren arredor da dinamización da lingua galega en todos os ámbitos mencionados.
- 3 Crear e manter espazos de intercambio de experiencias e de formación sobre o proceso de normalización lingüística.
- 4 Procurar a coordinación da acción dos servizos de normalización lingüística das entidades locais asociadas.
- 5 Prestarlles servizos de asesoramento ás entidades asociadas na promoción e impulso dun maior emprego da lingua galega.
- 6 Elaborar e presentarles propostas ás institucións autonómicas, estatais ou europeas sobre dinamización lingüística.
- 7 Fomentar o contacto e a relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa das linguas propias do seu territorio en situación de minorización ou minoría.
- 8 Incluír os proxectos que desta asociación deriven no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados á conservación e promoción das linguas minorizadas e minoritarias e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Artigo 3

A asociación, en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

A súa sede será rotatoria entre as entidades locais membros e corresponderá á da entidade que a presida.

Artigo 4

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, consonte estes estatutos, pola vontade das entidades locais asociadas expresada nunha asemblea xeral extraordinaria ou polas causas que establece a lexislación vixente.

Artigo 5

A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- 1 Terá un carácter non lucrativo.
- 2 Para cumprir os seus fins, a asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- 3 Todos os seus ingresos aplicaranse para os fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso repartilos entre as entidades locais asociadas nin cedelos a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- 4 O seu patrimonio será independente do das súas entidades asociadas.
- 5 Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu repartimento entre entidades asociadas nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- 6 Anualmente, a Xunta Directiva presentaralle á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado xunto cos xustificantes de gasto, que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de entidades locais socias.
- 7 Para contratar servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

Artigo 6

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá:

- 1 Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes para os seus fins.
- 2 Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa promoción e dinamización da lingua galega entre os membros.
- 3 Dirixirse aos poderes públicos e intervir, se é o caso, na formulación de propostas normativas ou de desenvolvemento de accións en prol da lingua.
- 4 Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos, cursos e xornadas.
- 5 Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- 6 Planificar e executar programas en relación coa súa finalidade e obxectivos.
- 7 Realizar calquera outra actividade que poida resultar conveniente para os fins da entidade, con suxeición á lexislación vixente.

CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES ASOCIADAS

Artigo 7

Poderán formar parte da asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin.

Artigo 8

As entidades locais interesadas deberán expresar a súa vontade de adhesión mediante un acordo do órgano competente da corporación, que se expresará tamén a aceptación destes estatutos.

As entidades locais que desexen incorporarse despois da constitución da asociación deberán solicitalo por escrito facendo constar a vontade de adhesión e a aceptación dos estatutos. O acordo para incorporalas correspóndelle á Asemblea Xeral.

Artigo 9

As entidades locais membros da asociación terán os dereitos que seguen:

- 1 Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se realicen.
- 2 Ser candidatas aos cargos dos órganos de goberno.
- 3 Participar nas áreas de traballo da asociación.
- 4 Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- 5 Ter coñecemento da execución do orzamento.
- 6 Solicitalle á Presidencia que reúna a Asemblea Xeral.

Artigo 10

As entidades locais membros da asociación terán as seguintes obrigas:

- 1 Cumprir os estatutos e os acordos válidos da asociación e dos seus órganos de goberno.
- 2 Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, se é o caso, poidan establecerse.
- 3 Colaborar coa asociación para conseguir os fins propostos, prestando, se fose necesario, o apoio do persoal propio para a xestión da entidade.

Artigo 11

A condición de entidade local socia alterarase por algún dos seguintes motivos:

1 Por vontade da propia entidade manifestada nun acordo do órgano de goberno que corresponda normativamente.

2 Por incumprimento destes estatutos, nomeadamente do que establecen sobre os fins da asociación.

3 Por falta de pagamento da cota de tres ou máis anualidades.

A proposta de separación dunha entidade local, por vontade propia ou por incumprimento das súas obrigas, deberalle ser formulada pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral e será válida desde o momento en que esta a acorde por maioría simple dos membros presentes.

O membro que, por calquera causa, deixe de pertencer á asociación estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigas contraídas con anterioridade.

En caso de baixa voluntaria, as obrigas coa asociación deixarán de ter efecto desde o momento en que a Xunta Directiva tome conta da solicitude da entidade local.

Artigo 12

A pertenza á asociación implica a obriga do pagamento da cota de participación no primeiro trimestre de cada anualidade.

A situación de débeda dunha cota anual implicará a perda do dereito de voto nos órganos da asociación e, polo tanto, a imposibilidade de optar a formar parte da Xunta Directiva.

Co fin de garantir o cumprimento desta obriga, ao inicio de cada asemblea, a Tesourería dará conta da situación das entidades membros.

Perderase a condición de entidade socia pola falta de pagamento de tres cotas ou máis cando, unha vez requirido, pasen máis de tres meses sen que se efectúe.

Artigo 13

As entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción dun maior uso da lingua galega poderán sumarse á asociación como membros amigos.

A condición de membro amigo supón que a entidade pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto. Non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga de pagar as cotas.

Para obter a condición de membro amigo, a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando a súa vinculación coa defensa e

promoción da lingua galega. Será a Asemblea Xeral a que acorde ou denegue admitila.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea Xeral, onde están representadas todas as entidades locais socias.
- Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría, a Tesouraría e tres vogalías.

Artigo 15

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das corporacións asociadas.

As entidades socias estarán representadas polo responsable político que designen consonte a súa normativa e polo responsable técnico do Servizo de Normalización Lingüística. En calquera caso, a cada entidade socia corresponderalle un único voto.

Artigo 16

Son competencias da Asemblea Xeral:

- 1 Aprobar os estatutos e a súa modificación.
- 2 Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- 3 Aprobar os orzamentos e contas xerais.
- 4 Aprobar as normas de funcionamento que desenvolvan estes estatutos, se é o caso.
- 5 Aprobar as cotas ordinarias e as achegas económicas extraordinarias.
- 6 Establecer a estrutura organizativa.
- 7 Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos que establezan os estatutos e a demais normativa que os poida desenvolver.
- 8 Admitir novas entidades socias e membros amigos.
- 9 Acordar a separación dos membros que incumpran as súas obrigas de acordo con estes estatutos.
- 10 Disolver a asociación.

Artigo 17

As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, e será convocada pola presidencia cun mínimo de quince días de antelación á data en que vaia ter lugar.

A asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, e será convocada pola Presidencia ou por pedimento dun terzo das entidades socias. A convocatoria farase coa máxima antelación necesaria e, cando menos, dous días antes.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan dous terzos das entidades asociadas con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se realizará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a presidencia e, cando menos, un terzo das entidades socias, coas excepcións reguladas no artigo 19.

Artigo 18

A convocatoria das asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, formularase por escrito e será enviada, prioritariamente por medios electrónicos. Incluirá, en todo caso, o lugar, día e hora en que vai ter lugar a xuntanza e a orde do día da sesión.

Os asuntos da orde do día serán todos aqueles que, dentro dos fins da asociación, propoña a Xunta Directiva ou un terzo dos membros da asociación, sempre que o soliciten expresamente.

De cada sesión, redactarase unha acta en que consten os acordos adoptados a respecto de cada un dos asuntos.

Artigo 19

En xeral, os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia. Requirirase unha maioría cualificada dos membros presentes ou representados, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, para

1 Nomear ou destituír a Xunta Directiva.

2 Nomear ou destituír a Presidencia.

3 Acordar a integración nunha federación de ámbito máis amplo.

4 Dispoñer dos bens integrantes do capital inmovilizado, se é o caso.

5 Modificar os estatutos.

6 Disolver a entidade.

Artigo 20

A Presidencia da asociación será elixida na Asemblea Xeral de entre as entidades locais que desexen exercela, coa maioría que dispón o artigo 19.

A Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería e as tres vogalías que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidas entre as entidades asociadas que se postulen. No caso de que non se formulen propostas abondas para todos os cargos da Xunta Directiva, elixiranse entre as entidades que aínda non fosen membros.

Artigo 21

O mandato da Xunta Directiva será de dous anos.

Calquera dos membros da Xunta Directiva poderá deixar o cargo polas seguintes causas:

1 Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.

2 Por perda da condición de membro da asociación.

3 Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se realice a seguinte asemblea xeral ordinaria. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 22

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1 Aprobar o programa de traballo e os proxectos da asociación.

2 Propoñer e executar o orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral e segundo os recursos económicos dos que se dispoña.

3 Executar os acordos da Asemblea Xeral.

4 Crear comisións de traballo por áreas ou para desenvolver proxectos concretos das que poderán formar parte as persoas representantes das entidades que se acorde, sexan ou non membros da Xunta Directiva.

5 Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, que deberán ser ratificadas posteriormente pola asemblea na súa seguinte sesión.

6 Velar polo bo funcionamento da asociación.

7 As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

Artigo 23

A Presidencia da asociación terá as seguintes atribucións:

- 1 Representar a asociación.
- 2 Tutelar o persoal técnico con que poida contar a asociación.
- 3 Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral.
- 4 Ordenar e autorizar pagamentos.
- 5 Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades.

A Vicepresidencia substituirá a Presidencia en caso de ausencia ou naqueles en que esta lle delegue o exercicio das súas competencias.

Artigo 24

Son funcións da Secretaría:

- 1 Asistir a Presidencia nas asembleas e xuntas directivas.
- 2 Redactar e autorizar as actas e certificacións dos acordos que se adopten na asemblea e na Xunta Directiva.
- 3 Dirixir os servizos técnicos da asociación.
- 4 Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.

Artigo 25

Son funcións da Tesourería:

- 1 Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- 2 Cumprir as ordes de pagamento que dite a Presidencia.
- 3 Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación e darlles conta deles á asemblea e á Xunta Directiva.

Artigo 26

A asociación procurará dispor do persoal técnico necesario para desenvolver coa maior eficacia os fins para os que se crea e, nomeadamente, para as tarefas de xerencia, apoio aos órganos de goberno e xestión dos programas de actuación. Poderá contar, así mesmo, co apoio do persoal técnico das entidades locais socias.

CAPÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27

Os recursos da asociación procederán de:

- 1 As cotas ordinarias de carácter anual.
- 2 As achegas extraordinarias que realicen as entidades socias para o desenvolvemento de programas aos que se adhiran ou polas prestacións que reciban.
- 3 As subvencións ou doazóns que se reciba.
- 4 Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

Artio 28

Establécense as seguintes cotas ordinarias, que terán carácter anual e poderán ser revisadas pola Asemblea Xeral cada dous anos.

Concellos con menos de 5.000 habitantes: 1.000 euros.

Concellos entre 5.001 e 30.000 habitantes: 2.500 euros.

Concellos entre 30.001 e 80.000 habitantes: 5.000 euros.

Concellos de 80.001 habitantes en diante: 10.000 euros.

Deputacións provinciais: 30.000 euros.

O aboamento das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano segundo se regula nos artigos 10 e 12 destes estatutos.

Artigo 29

A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade e cumprirá tamén coas demais obrigas contables que determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e rematará cada ano o día 31 de decembro agás no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, agás no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO V. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 30

A asociación poderá disolverse se así o acorda a Asemblea Xeral, se incorre nalgunha das causas que determina o artigo 39 do Código civil ou existe unha resolución xudicial firme neste sentido.

O acordo de disolución deberá ser adoptado nunha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para este fin.

Unha vez adoptado este acordo, constituirase unha comisión da asemblea que se encargará de liquidar a asociación e repartir o patrimonio social entre as entidades socias, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.”

Xa que logo, á vista da proposta DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO transcrita, así como o ditame favorable da comisión Municipal informativa de Presidencia, Rexime Interior, Facenda, e especial de Contas, na sesión ordinaria de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:

cos votos a favor 23: 10 votos (grupo C.A), 8 votos (grupo popular), 3 votos (grupo P.S.O.E.) e 2 votos (B.N.G), adoptouse o acordo por unanimidade:

1 Manifestar a vontade do Concello de Santiago de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

2 Aprobar a proposta de estatutos (anexo 1) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

3 Manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade e designar a D.Martiño Noriega Sánchez ou concelleiro/a en quen delegue, como representante política/o da Corporación na asemblea da Asociación e a responsable do Departamento de Lingua Galega , como representante técnica.

3. Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral do Concello a partir do ano 2019 os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

7.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO AO PLENO PARA A ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS EDE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESMA.

A proposta da Alcaldía de 26 de outubro de 2018 di o seguinte:

“1.-Na sesión plenaria celebrada o 16/02/2017 aprobouse por unanimidade a adhesión do Concello de Santiago de Compostela á Asociación de Concellos do Camiño Inglés, así como a proposta de estatutos para a súa constitución e a designación do representante titular e do suplente.

2.-Con data 20/06/2017 a Asamblea celebrada en Carral entre os/as representantes de ditos concellos na que se aproban e asinan os estatutos e se elixe á xunta directiva que rexerá a Asociación de Concellos do Camiño Inglés, asínase a acta fundacional específica para remitir ao rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

3.-Recíbese no Concello de Carral requirimento de subsanación de deficiencias da xefatura de sección da Xefatura Territorial da Vicepresidenciae Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data 27/09/2017, no que indica que hai que revisar e modificar determinados artigos dos estatutos.

4.-Na sesión plenaria celebrada o 15/03/2018 procédese a aprobar por unanimidade a modificación dos artigos 19.3 e 22.1 c) da proposta de Estatutos consensuada.

3.-Con data 04/10/2018 recíbese neste Concello, comunicación da sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña na que poñen en coñecemento a caducidade e arquivo do expediente de inscrición da Asociación no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, así como do inicio dun novo proceso de creación cuxa tramitación asume dita sección.

4.-Acompañando á comunicación indicada, remiten proposta de Estatutos para a súa aprobación en sesión plenaria, de cara ao inicio dun novo proceso de creación da Asociación.(Anexo I).

Por todo isto, e de acordo co disposto na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais e artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Alcalde do Concello de Santiago presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

- 1) Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés.
- 2) Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.
- 3) Designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación a D. Jorge Duarte Vázquez, concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais.

- 4) Designar como representante técnico do Concello de Santiago de Compostela a D. Ignacio Cerrada Gonzalo, Director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

Martíño Noriega Sánchez

Alcalde do Concello de Santiago

“ANEXO I

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”

2.- A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Oroso. C/Isaac Diaz Pardo Sigüeiro 15888 provincia da Coruña e teléfono 981/691/478.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

- a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.
- b. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.
- c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
- d. Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

- e. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.
- f. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- g. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- h. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- j. Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.

- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.

- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

- 1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.
- 2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
- 3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos

fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos

membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

CAPÍTULO IV

DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.

- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.- Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo. 25º.- Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
 - Ata 5.000 habitantes
 - De 5.001 a 10.000 habitantes
 - De 10.001 a 30.000 habitantes
 - De 30.001 a 50.000 habitantes
 - De 50.001 a 100.000 habitantes
 - Máis de 100.000 habitantes
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 - a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria

- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 - c. Por resolución xudicial e firme
- 2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira-. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.”

“A Comisión Municipal Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e especial de Contas na sesión ordinaria celebrada o 8 de novembro, ditaminou favorablemente a

PROPOSTA DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO AO PLENO PARA A ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS E DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESMA

Xa que logo, á vista do proposta DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO transcrita, así como o ditame favorable da comisión Municipal informativa de Presidencia, Rexime Interior, Facenda, e especial de Contas, na sesión ordinaria de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:

cos votos a favor 23: 10 votos (grupo C.A), 8 votos (grupo popular), 3 votos (grupo P.S.O.E.) e 2 votos (B.N.G), adoptouse o acordo por unanimidade:

1. “Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés.
2. Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.
3. Designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación a D. Jorge Duarte Vázquez, concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais.
4. Designar como representante técnico do Concello de Santiago de Compostela a D. Ignacio Cerrada Gonzalo, Director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

8.-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN PARA A REDACCIÓN DA MEMORIA SOBRE A DETERMINACIÓN DA FORMA MÁIS SOSTIBLE E EFICIENTE DE XESTIONAR OS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

O contido da proposta e a seguinte:

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN PARA A REDACCIÓN DA MEMORIA SOBRE A DETERMINACIÓN DA FORMA MÁIS SOSTENIBLE E EFICIENTE DE XESTIONAR OS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMIENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

PRIMEIRO:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o 24 de novembro de 1983, aprobou por unanimidade o prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para a concesión do servizo municipal de auga potable no termo municipal de Santiago de Compostela.

O concurso declárase deserto no Pleno de 9 de maio de 1984. Contra este acordo as empresas AQUAGEST e SOSEGUR interpoñen cadanseu recurso que se resollen deixando sen efecto o acordo do devandito Pleno, ao adxudicar o concurso para a xestión do servizo de abastecemento de auga no termo municipal de Santiago de Compostela á empresa AQUAGEST. O 13 de maio de 1985 elévase a escritura pública o contrato de xestión do servizo de abastecemento auga potable.

O 30 de xullo de 1991 apróbase o prego para o contrato da explotación da depuradora de augas residuais de Silvouta, planta de pretratamento do Polígono do Tambre e instalacións de bombeo de augas residuais que asina AQUAGEST SA o 1 de abril de 1992 con unha duración de 5 anos prorrogable por anualidades sucesivas ate un máximo de 15 anos.

O 28 de abril de 1992 AQUAGEST, presenta unha solicitude para modificar o carácter retributivo dos contratos anteriores ao puramente concesional, asumindo a empresa o cobro do servizo así como o risco dos fallidos, dado que desenvolve a xestión do abastecemento de auga e a depuración. Así mesmo, solicita unha prorroga de ámbolos dous contratos ate o 1 de maio de 2007 co obxecto de liquidar as cantidades adebedadas polo Concello pola xestión anterior ao 1/01/1992 e compensar os supostos maiores gastos e riscos asumidos na proposta.

O 18/05/1992 o Pleno da Corporación acorda a prorroga solicitada e nos termos propostos na solicitude. Non se formaliza un novo contrato por escrito, iniciándose o novo sistema de xestión o 01/01/1992 cunha duración ate o 01/05/2007.

En 1994 redactase o prego de condicións económico-administrativas para a concesión do xestión do servizo municipal de sumidoiros cunha duración prevista ate 01/05/2007, sendo aprobado polo pleno 01/07/1994. O 11 de novembro de 1994 o Pleno da Corporación adxudica en sesión extraordinaria esta concesión a AQUAGEST SA asinándose o contrato o 15/12/1994.

No ano 1998 prodúcese un modificación das concesións da xestión do servizo de abastecemento de auga, depuración e sumidoiros. O Concello encarga á propia empresa concesionaria un informe sobre os investimentos precisos para acadar o saneamento integral. AQUAGEST cuantifica en 53.249.672,45 € as inversións precisas. Presenta un escrito propoñendo, ante a imperiosa necesidade de executar algunhas destas obras, financiar as máis urxentes por un importe de 3 mill € e polo tanto solicitando que para restablecer o equilibrio económico-financeiro da concesión

unha prorroga da concesión ate maio de 2022. O Concello solicita que tamén absorba unha aportación de 10.818.217,88 € nos exercicios 1998 e 1999 en substitución dun préstamo que a Corporación pretendía formalizar.

A empresa reitera a solicitude de modificación do contrato de xestión e prorrogar o mesmo ate 2022 así como o cambio da fórmula retributiva para percibir todos os ingresos derivados de tarifas, canons e taxas vixentes, establecendo a partir de 1999 unha tarifa única. Accede a aportar 15.926.820,77 € para o reintegro de investimentos producidas, realización de novas obras e aportar un financiamento de 1352277,23 € ao Auditorio de Galicia para o evento “Santiago, Capital Europea da Cultura”. Todas estas aportacións financiaríanse cos excedentes xurdidos do período de concesión que, de non producirse esta financiación desde AQUAGEST, deberían reverter no Concello. O informe de Intervención sinala maio de 2019 como de finalización da concesión ao obter o mencionado equilibrio financeiro.

O 1 de agosto de 1998 asínase o contrato de acordo coas condicións financeiras previstas polo Concello así como a prorroga sinalada polo interventor, rematando dita concesión no mes de maio de 2019

SEGUNDO:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local recolle no seu artigo 25.2 a competencia das Entidades locais no abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais. O artigo 26 define a obrigatoriedade de prestación do devandito servizo. Así mesmo sinala no seu artigo 85.2 as formas de xestión dos servizos públicos e no artigo 86 declara a reserva en favor das entidades locais do abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais

Para o exercicio de actividades económicas por parte das Entidades locais, o Real Decreto Lexislativo 781/1986 recolle no seu artigo 97 e seguintes a necesidade dun acordo inicial da Corporación, previa designación dunha Comisión de estudo composta por membros da mesma e por persoal técnico para redacción dunha memoria que acredite a forma de xestión máis eficiente e sostible.

Sendo a data de remate da concesión do servizo integral de xestión da auga, encomendado a Viaqua en maio de 2019, e co fin de acreditar a forma máis sostenible e eficiente de xestionar este servizo, procede a creación dunha Comisión para a realización da memoria xustificativa a que se refire o mencionado artigo 85.2 sendo de aplicación a regulación prevista o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, para o exercicio de actividades económicas polas Entidades locais.

POLO EXPOSTO, ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Iniciar o expediente para a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais.

SEGUNDO: Crear a Comisión encargada de elaborar a memoria xustificativa da forma máis sostible e eficiente de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais, que estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación, Xan Duro Fernández, que presidirá a Comisión.
- A concelleira de Facenda e Persoal, María Rozas Pérez
- Dous representantes do Partido Popular, un representante do PSOE e un representante do BNG
- O Interventor Municipal Juan Ramón González Carnero

- O Secretario do Concello Jose Ramón Alonso Fernández
- O Director da Área de Urbanismo: Ignacio Cerrada González
- O Director da Asesoría Xurídica: Xaquín Monteagudo Romero
- A Directora do Área de Facenda e Persoal, Silvia Aramburo Vázquez
- A Xefe de Servizo de Contratación, Rocío Montañés Fernández que actuará como Secretaria da Comisión
- A Xefa do Servizo de Persoal Carmela Dominguez Lage
- O Economista da Oficina Orzamentaria Jesús Noya Liste
- O Xefe da Sección de Saneamento Pablo Martín Quintero

Está Comisión dotarase dun regulamento para o seu funcionamento.

Así mesmo, a Comisión contará coa asistencia de calquera outro persoal técnico do Concello así como do asesoramento externo que se considere necesario..

**Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable da comisión informativa de Economía, Facenda, e Administración correspondente, na sesión de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:
cos votos a favor 12: grupo C.A (10 votos) e B.N.G (2 votos)), abstencións: 11 (grupo popular (8 votos), grupo P.S.O.E.(3 votos) e ningún voto en contra, adoptouse o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Iniciar o expediente para a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais.

SEGUNDO: Crear a Comisión encargada de elaborar a memoria xustificativa da forma máis sostible e eficiente de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais, que estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación, Xan Duro Fernández, que presidirá a Comisión.
- A concelleira de Facenda e Persoal, María Rozas Pérez
- Dous representantes do Partido Popular, un representante do PSOE e un representante do BNG
- O Interventor Municipal Juan Ramón González Carnero
- O Secretario do Concello Jose Ramón Alonso Fernández
- O Director da Área de Urbanismo: Ignacio Cerrada González
- O Director da Asesoría Xurídica: Xaquín Monteagudo Romero
- A Directora do Área de Facenda e Persoal, Silvia Aramburo Vázquez
- A Xefe de Servizo de Contratación, Rocío Montañés Fernández que actuará como Secretaria da Comisión
- A Xefa do Servizo de Persoal Carmela Dominguez Lage
- O Economista da Oficina Orzamentaria Jesús Noya Liste
- O Xefe da Sección de Saneamento Pablo Martín Quintero

Está Comisión dotarase dunhas normas internas para o seu funcionamento.

Así mesmo, a Comisión contará coa asistencia de calquera outro persoal técnico do Concello así como do asesoramento externo que se considere necesario.

10.-PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2018-SUPLE-07 DO ORZAMENTO DO ANO 2018 POR IMPORTE DE 18.910,22 EUROS.

Logo de ver o informe-proposta e proposta que forman parte da documentación deste expediente:

1) Informe-proposta de acordo de Suplemento de Crédito nº 2018-SUPLE-07, asinada polo director da asesoría xurídica e Proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 31 de outubro de 2018.

2)

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte. De conformidade co establecido no artigo 12.2 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito co número 2018-SUPLE-07 con base ao contido do informe que antecede, por un monto global de **DEZAOITO MIL NOVECIENTOS DEZ EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (18.910,22 €) incrementando crédito na aplicación orzamentaria 060.92000.35200.** Esta modificación de crédito financiarase con baixas por anulación do crédito dispoñible da aplicación orzamentaria 030 01100 31000.

Este expediente terá o seguinte detalle:

B) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO				
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Liquidación xuros de mora e legais pendentes de aboar polo Concello e recoñecidos en sentenza firme	060	92000	35200	18.910,22
				18.910,22

C) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2018 para facer fronte ao pago de intereses do préstamo 2014-1-LACAIXA01	030	01100	31000	18.910,22
				18.910,22

Baixas por anulación: **18.910,22 euros**

D) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	18.910,22 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	18.910,22 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos de investimento	
3.- Financiamento igual a habilitación.....	18.910,22 €

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente seránlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL..

Xa que logo, a vista do informe transcrito mais o ditame favorable da oficina orzamentaria, de data 31 de outubro do corrente ano, e sometido o asunto a votación cos votos a favor do grupo C.A. (10 votos) e B.N.G (2), e abstención do grupo popular (8), do grupo P.S.O.E.(3), o punto queda aprobado.

11.-PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA REGULARIZAR OS SERVIZOS MUNICIPAIS EXTERNALIZADOS QUE SEGUEN A OPERAR SEN CONTRATO.

O grupo do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

PROPOSICIÓN PARA REGULARIZAR OS SERVIZOS MUNICIPAIS EXTERNALIZADOS QUE SEGUEN A OPERAR SEN CONTRATO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para regularizar o procedemento dos servizos municipais externalizados que continúan a operar sen contrato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno local, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, mantén en situación irregular numerosos contratos de servizos prestados a través de empresas privadas mediante concesións administrativas.

No mes de marzo de 2018, aprobouse en Pleno unha proposición para resolver estas anomalías e co fin de axilizar os procedementos administrativos dos servizos municipais externalizados que daquela operaban sen contrato. Mais é evidente que proseguiu a inercia do incumprimento dos prazos para licitar e contratar seguindo os procedementos administrativos que determina a lexislación, o que provoca irregularidades e inseguranza xurídica e laboral dos traballadores e traballadoras destes servizos.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela esforzarase en regularizar os procedementos administrativos dos servizos municipais externalizados que operan sen contrato co obxectivo de normalizar a situación da xestión ordinaria.

Xa que logo, cos votos a favor: 23 votos, apróbase por unanimidade a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela esforzarase en regularizar os procedementos administrativos dos servizos municipais externalizados que operan sen contrato co obxectivo de normalizar a situación da xestión ordinaria.

12.-PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O PAGAMENTO DOS SERVIZOS SEN CONTRATO.

O grupo do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

PROPOSICIÓN SOBRE O PAGAMENTO DOS SERVIZOS SEN CONTRATO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN:**

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, veñen sendo numerosos os servizos que se prestan sen soporte xurídico contractual, situación que da lugar aos xa habituais recoñecementos extraxudiciais de crédito; isto é: o Goberno local recoñece que, malia non existir contrato, unha empresa efectuou as prestacións obxecto de facturación, entende que a falta de pagamento implicaría un enriquecemento inxusto da administración e recoñece a obriga de pagar.

Porén, a Intervención Municipal ademais de entender, literalmente, que “o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura excepcional que debería utilizarse en casos moi concretos e non como unha solución procedimental máis en casos de incumprimento da normativa de contratación”, entende tamén, literalmente, que “o recoñecemento de obrigas pola vía de alegación ao principio de

enriquecemento inxusto esixe a súa invocación expresa e a consecuente formación dun procedemento cal é a determinación da 'indemnización' procedente en todo caso, pero que en ningún caso pode incluír beneficio industrial, tal e como ben se admite pola xurisprudencia con reiteración"

Tal criterio ten unha enorme relevancia para a Facenda Pública Local e, xa que logo, para os contribuíntes, a pouco que se considere o importe de determinadas prestacións que se facturan ao Concello sen soporte contractual. Consonte a ese criterio da Intervención Municipal, no que vai de mandato as cantidades aboadas ou pendentes de aboar -en exceso- a diversas empresas superaría os varios centos de miles de euros.

A vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propónlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta a o correspondente órgano de goberno a que:

1.- Antes de proceder a efectuar novos recoñecementos extraxudiciais de crédito, cuantifique a "indemnización" que corresponda pola prestación efectuada, nos termos empregados pola Intervención municipal nos seus informes e, polo tanto, cumpra co que o citado órgano sinala.

2.- Con carácter urxente, solicite do secretario xeral do Pleno informe sobre o alcance do informe da Intervención municipal en relación coas posibilidades de iniciar os procedementos que correspondese tramitar a fin de que o Concello poida reclamar as cantidades pagadas en exceso, no seu caso, a empresas que realizaron prestacións sen contrato en vigor."

Xa que logo, cos votos a favor 11: 8 votos (grupo popular), 3 votos (grupo P.S.O.E.), votos en contra 10: (grupo C.A), e abstencións 2 votos (B.N.G), adoptouse o seguinte ACORDO:

"O Pleno do Concello de Santiago insta a o correspondente órgano de goberno a que:

1.- Antes de proceder a efectuar novos recoñecementos extraxudiciais de crédito, cuantifique a "indemnización" que corresponda pola prestación efectuada, nos termos empregados pola Intervención municipal nos seus informes e, polo tanto, cumpra co que o citado órgano sinala.

2.- Con carácter urxente, solicite do secretario xeral do Pleno informe sobre o alcance do informe da Intervención municipal en relación coas posibilidades de iniciar os procedementos que correspondese tramitar a fin de que o Concello poida reclamar as cantidades pagadas en exceso, no seu caso, a empresas que realizaron prestacións sen contrato en vigor."

13.-PROPOSTA PARA A RATIFICACIÓN POLO PLENO DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE SETEMBRO DE 2018 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS 2018-2021 PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O contido da proposta e a seguinte:

PROPOSTA PARA A RATIFICACIÓN POLO PLENO DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE SEPTEMBRO DE 2018 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS 2018-2021 PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable da comisión informativa da Área do Social e Cultura, na sesión de data 08 de Novembro do corrente ano, e sometido o asunto á votación, obtense o seguinte resultado:

cos votos a favor 15: grupo C.A (10 votos), grupo P.S.O.E.(3 votos) e B.N.G (2 votos), abstencións: 8 (grupo popular (8 votos) e ningún voto en contra:

queda ratificada a Proposta relativa á ratificación do acordo de Xunta de Goberno Local de 14 de setembro de 2018 relativo á aprobación do plan municipal de Prevención de Drogodependencias 2018-2021 para o Concello de Santiago de Compostela

14.-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 27 de setembro e o 19 de outubro de 2018, números 6610 ao 7284.

Así mesmo dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Nº 75, da sesión ordinaria de data 28 de setembro de 2018.

Nº 76, da sesión ordinaria de data 05 de outubro de 2018.

Nº 77, da sesión extraordinaria –urxente de data 09 de outubro de 2018.

Nº 78, da sesión ordinaria de data 11 de outubro de 2018

Nº 79, da sesión ordinaria de data 19 de outubro de 2018.

Nº 80, da sesión extraordinaria-urxente de data 19 de outubro de 2018.

Nº 81, da sesión extraordinaria-urxente de data 24 de outubro de 2018.

Polo señor alcalde interumpese o pleno sendo as 20:18 horas, reanudándose a sesión as 20:35 horas. No se reincorpora a mesma dona María Morales Sánchez

15.-ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 5 de novembro de 2018, núm 49075.

Do grupo municipal do BNG de data 6 de novembro de 2018, núm 273.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de novembro de 2018, núm 274.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de novembro de 2018, núm 49428.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de novembro de 2018, núm 49430.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de novembro de 2018, núm 49431.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de novembro de 2018, núm 49527.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 5 de novembro de 2018, núm 49077.
Do grupo municipal do BNG de data 6 de novembro de 2018, núm 272.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de novembro de 2018, núm 49432.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de novembro de 2018, núm 49434.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de novembro de 2018, núm 49435.
Do grupo municipal do BNG de data 7 de novembro de 2018, núm 49529.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de novembro de 2018, núm 49106.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de novembro de 2018, núm 49108.

O pleno pasa a tratar a seguinte declaración Institucional,

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON
MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**

Tal e como declarou a corporación municipal na sesión plenaria de novembro de 2016, a violencia machista é un dos máis graves problemas ao que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Nos últimos tempos fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo de mobilización e concienciación dos diferentes movementos de mulleres. Porén temos que seguir avanzando, tamén nas institucións, e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visible do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. É preciso reparar e enfrontar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física ata outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstetricia e tratos inadecuados no marco da sanidade ata a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, por teren as peores taxas de desemprego e precariedade, padecerem a desigualdade salarial e ocuparen a maioría dos traballos non asalariados. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

A loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para as administracións de todos os niveis de goberno polo que é preciso un consenso institucional, político e social así como a coordinación entre as diferentes administracións con competencia na materia. Para acadala é preciso comprometer as institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Só no que vai de 2018 foron asasinadas en

España, 43 mulleres e 8 menores, só en Galicia tres mulleres, unha situación insostible para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida.

Nos últimos anos somos testemuñas dos notables avances producidos neste eido, desde a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ata o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que supuxo un grande avance na unión de partidos políticos, administracións, institucións e organizacións na formulación de medidas para erradicación da violencia de xénero. Neste prevíase o reparto dos 100 millóns destinados á loita contra a violencia machista, correspondentes ás Comunidades e cidades autónomas, a distribución do fondo procedente da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros e a aprobación dos criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos.

O Real Decreto-lei 9/2018, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, publicado o 3 de agosto, inclúe a recuperación por parte dos concellos de competencias na materia, relacionadas coa promoción de actuacións de igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero. É preocupante que dita competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela **ACORDA:**

- 1.-Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego durante o 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.
- 2.-Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.
- 3.-Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.
- 4.-Demandar ao órgano competente do Goberno do Estado a creación dunha unidade de Violencia Machista específica na Comunidade Autónoma encargada de facer cumprir a

lexislación en materia de violencia machista para impulsar xulgados específicos de violencia de xénero, promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como forma de violencia machista e garantir formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial.

5.-Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programar dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Marta Lois González
Voceira grupo municipal CA

Agustín Hernández Fernández
Voceiro grupo municipal PP

Francisco Reyes Santiás
Voceiro grupo municipal PSOE

Goretti Sanmartín Rei
Voceira grupo municipal BNG

Xa que logo, apróbase por unanimidade dos presentes o seguinte

ACORDO:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES:

1.-Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego durante o 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.

2.-Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

3.-Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.

4.-Demandar ao órgano competente do Goberno do Estado a creación dunha unidade de Violencia Machista específica na Comunidade Autónoma encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista para impulsar xulgados específicos de violencia de xénero, promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como forma de violencia machista e garantir formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial.

5.-Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programar dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

Esta declaración sustitue as mocions:

Rexistro de entrada do día 6 de novembro de 2018, núm 49312, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con motivo do día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2018, núm 49438, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con motivo do Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller 2018.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2018, núm 49524, presentada polo grupo municipal do BNG, para máis recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.

Abandoa neste momento o salón de sesións o Sr. Alcalde Don Martiño Noriega Sánchez, pasando a presidir o pleno a primeira tenente de alcalde Dona Maria Rozas Pérez.

16.-TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Rexistro de entrada do día 2 de novembro de 2018, núm 48760, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre os servizos sanitarios na área de xestión integrada do CHUS.

LIMIAR

A sanidade pública é un dos piares do Estado de dereito, por ser garante do dereito á saúde e constituír o principal sistema de protección social. De acordo coa Constitución de 1978 é responsabilidade dos poderes públicos a promoción e protección da saúde da poboación e, consecuentemente, a garantía de servizos públicos de saúde de acceso universal e de calidade. Nembargantes, nos últimos anos, ao

amparo de ideoloxías neoliberais, tense convertido a saúde e os servizos sanitarios nun campo aberto á mercantilización e á privatización e concertación de servizos sanitarios. O coñecemento e experiencia doutros modelos mostra que sen sanidade pública non hai cohesión nin xustiza social, non existe a distribución dos recursos conforme ás necesidades, senón en base a intereses de negocio, o que provoca que se acrecente a vulnerabilidade e a desigualdade.

O Real Decreto 16/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, aprobado co Goberno do Partido Popular, desvirtuou o dereito á protección da saúde ao anular a súa vocación de universal e eliminou a titularidade do dereito tal e como se establecía na Lei de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde. Aínda que este Real Decreto foi derogado o pasado mes de xullo polo Goberno actual, retornando á universalidade sanitaria, mantén importantes eivas, entre elas a de asociar a prestación sanitaria ao feito de estar asegurado/a, o que supón unha limitación á universalidade e ampara a persistencia de colectivos e persoas excluídas.

A saúde é o patrimonio máis valioso do que dispoñemos as persoas e as comunidades, por iso en todos as convencións internacionais e sistemas constitucionais se recolle como un dereito fundamental. Os poderes públicos debemos traballar para contrarrestar a crecente consideración da saúde como un ben de consumo, cun modelo de servizo público, de accesibilidade universal, baseado na atención primaria de saúde e que considere a proximidade accesibilidade e participación como elementos que aporten calidade e satisfacción.

A morte dun paciente da Estrada (Pontevedra) que faleceu afogado este verán polo seu propio vómito nun centro do SERGAS, que carecía do persoal necesario para ofrecerlle auxilios sanitarios elementais puxo de novo de manifesto as graves carencias da sanidade pública galega.

Mentres, o servizo de Atención Primaria, auténtica porta de entrada das persoas usuarias ao sistema de saúde, sofre recortes, aumentan as concertacións e extenalizacións de probas diagnósticas e procedementos cirúrxicos. O investimento rediríxese ao gasto farmacéutico e tecnolóxico e a un “hospitalocentrismo”, ao redor do que se artellan as grandes áreas de xestión sanitaria. Este modelo de organización ven demostrando que non mellora a calidade de atención á saúde e que afasta servizos e recursos humanos dos pacientes e das áreas máis vulnerables, rurais e cronicamente envellecidas, ao tempo que colapsa os servizos e recursos das macro áreas hospitalarias.

As listas de agarda son un grave problema, tornándose preocupante a espera nalgúns especialidades como traumatoloxía, oftalmoloxía, cirurxía xeral etc., ás que hai que engadir a falta de profesionais especialistas de Atención Primaria, como ocorre co déficit de pediatras que xa provocou este verán que

varios centros de saúde quedaran sen servizo de pediatría, como Val do Dubra, Negreira e a Baña, que pasaban a atenderse en Compostela e Bertamiráns, respectivamente; ou o caso de Padrón, Rois e Dodro que compartiron 1 único/a pediatra durante os meses de verán.

No caso de Santiago de Compostela, durante o verán contamos con 9 pediatras permanentes, 5 menos que o resto do ano, a pesar de ampliar a carga de traballo ao ter que atender a Concellos limítrofes. Esta grave e inaceptable situación, veu a complicarse aínda máis nas últimas semanas cando tivemos coñecemento pola denuncia, da asociación de Pacientes e usuarios do CHUS e de moitas familias afectadas, que desde o 8 de outubro están suspendidas as citas do Servizo de Pediatría no centro de saúde de Conxo por falta de profesionais para cubrir a vacante existente.

Outro aspecto do estado xeral da sanidade pública galega móstrao á situación do psiquiátrico de Conxo, que esta baixo investigación da fiscalía xeral do estado, despois de que o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura dependente da Oficina de El Defensor del Pueblo realizase unha inspección e comprobase graves irregularidades no tratamento e atención ás/aos pacientes institucionalizados e deficiencias serias e falta de recursos profesionais para a atención especializada que requiren os ingresos por crises agudas. Coñecemos tamén a única alternativa ofrecida ate o momento pola Xunta de Galicia, o ingreso en “residencias asistenciais”, un cambio de denominación e tipoloxía das residencias de persoas maiores, que agora están obrigadas á atención de persoas con patoloxía mental ou adiccións, sen garantir profesionais nin servizos especializados, diminuindo toda calidade asistencial e acrecentando gravemente os problemas de convivencia e de estrés sociolaboral do persoal.

Mais grave se cabe é a situación do Servizo de Urgencias do CHUS, que debe prestar asistencia sanitaria urxente e en situacións de emerxencia para o que precisa necesariamente cumprir uns requisitos mínimos funcionais, estruturais e organizativos de forma que garanta unhas condicións adecuadas de seguridade, calidade e eficiencia. En moitos dos casos este servizo é o primeiro contacto das persoas usuarias co sistema hospitalario e de saúde. Factores como a crecente demanda do servizo, a idade avanzada da poboación galega, o peche de camas e un deficiente drenaxe de pacientes ás plantas, provocan situacións de continuos colapsos no servizo durante todo o ano. Esta situación vese agravada coa falta de renovación de recursos materiais e de actualización no dimensionamento dos cadros de persoal.

O Pleno do Concello de Santiago na sesión de abril de 2018, mostrou o seu apoio ás peticións dos e das profesionais do servizo de Urgencias, que reclamaban á xerencia do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela máis recursos persoais e medios materiais para unha mellor prestación do servizo. Lonxe de responder ás necesidades do servizo de Urgencias, os problemas foron en aumento coa dimisión do Coordinador do Servizo de Urgencias, a incapacidade para reposición e dotación de

materiais e a non cobertura de ausencias. O agravamento da situación motivou que desde esta semana estea convocada unha folga indefinida, porque como trasladaron a este pleno: “nesta situación non se garanten as mínimas condicións de seguridade, tanto para os profesionais como para as/os pacientes”.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Urxir á Xerencia do CHUS máis recursos persoais e medios materiais para unha mellor prestación do servizo de urxencias, de acordo coa moción aprobada na sesión plenaria do 19 de abril de 2018 no referente á dotación de recursos humanos e materiais suficientes para cumprir cos parámetros de calidade e seguridade necesarios.
2. Urxir a Xerencia da EOXI de Santiago de Compostela que á maior brevidade cubra a vacante no Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Conxo e normalice a atención pediátrica e o sistema de citas no antedito servizo.
3. Instar ao Servizo Galego de Saúde e a Xerencia da EOXI de Santiago para que desenvolva e dote de suficientes recursos económicos e profesionais especializados ao centro psiquiátrico de Conxo para ofrecer unha atención da saúde mental en condicións de dignidade e calidade, que garanta os dereitos fundamentais dos/as pacientes psiquiátricos.
4. Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para dotar de recursos materiais e profesionais especializados suficientes para o desenvolvemento do Plan Galego de Saúde Mental, de xeito que se conte con servizos e persoal especializado e non se deriven as patoloxías mentais e adicións a centros asistenciais polivalentes e infradotados.
5. Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos orzamentos 2019 as partidas necesarias para dotar de recursos humanos e profesionais suficientes para a cobertura de vacantes, baixas e ausencias de persoal, para manter unha atención sanitaria universal, de calidade e proximidade, cumprindo coas ratios e tempos de atención (e revisión) así como cos períodos de descanso do persoal.
6. Dar traslado dos seguintes acordos á consellería de Sanidade, a área de xestión EOXI de Santiago de Compostela e ao Parlamento de Galicia.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 13: 8 votos (grupo C.A), 3 votos (grupo P.S.O.E.) e 2 votos (B.N.G), 8 abstencións, correspondentes ao grupo municipal Popular, aproba dita moción:

1. Urxir á Xerencia do CHUS máis recursos persoais e medios materiais para unha mellor prestación do servizo de urxencias, de acordo coa moción aprobada na sesión plenaria do 19 de abril de 2018 no referente á dotación de recursos humanos e materiais suficientes para cumprir cos parámetros de calidade e seguridade necesarios.
2. Urxir a Xerencia da EOXI de Santiago de Compostela que á maior brevidade cubra a vacante no Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Conxo e normalice a atención pediátrica e o sistema de citas no antedito servizo.
3. Instar ao Servizo Galego de Saúde e a Xerencia da EOXI de Santiago para que desenvolva e dote de suficientes recursos económicos e profesionais especializados ao centro psiquiátrico de Conxo para ofrecer unha atención da saúde mental en condicións de dignidade e calidade, que garanta os dereitos fundamentais dos/as pacientes psiquiátricos.
4. Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para dotar de recursos materiais e profesionais especializados suficientes para o desenvolvemento do Plan Galego de Saúde Mental, de xeito que se conte con servizos e persoal especializado e non se deriven as patoloxías mentais e adicións a centros asistenciais polivalentes e infradotados.
5. Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos orzamentos 2019 as partidas necesarias para dotar de recursos humanos e profesionais suficientes para a cobertura de vacantes, baixas e ausencias de persoal, para manter unha atención sanitaria universal, de calidade e proximidade, cumprindo coas ratios e tempos de atención (e revisión) así como cos períodos de descanso do persoal.

Dar traslado dos seguintes acordos á consellería de Sanidade, a área de xestión EOXI de Santiago de Compostela e ao Parlamento de Galicia.

Rexistro de entrada do día 5 de novembro de 2018, núm 49068, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre unha serie de actuacións necesarias na parroquia de Figueiras.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural de Compostela leva anos reivindicando unha maior e mellor atención por parte das Administracións. De feito, e así o ten recollido este grupo municipal a través de diferentes iniciativas plenarias e acordos orzamentarios –como o de investir todo o recadado a maiores polo “castastrazo” nas parroquias de Santiago-, moitos son os problemas denunciados pola veciñanza destas parroquias, que reivindican a mesma atención que a recibida pola zona urbana do termo municipal.

Un exemplo desa desatención por parte do goberno municipal de Compostela é Figueiras. Segundo temos recibido recibido por parte da veciñanza, e constatado “in situ” –así o reflexan as fotografías que presentamos xunto con esta moción-, esta parroquia presenta unha serie de deficiencias nas súas estradas e camiños, que afectan, sobre todo, a unha falla de servizos como o de alumeado público en determinados tramos, ou de mantemento de firme ou limpeza de cunetas, de forma xeral.

Dun xeito especial, os veciños e veciñas de Figueiras levan anos reclamando a colocación de puntos de luz no tramo comprendido entre o Alto de Codesedas e a igrexa; unha estrada de titularidade provincial que fora hai anos obxecto dunha intervención para a instalación de beirarrúas, pero que, malia dispor dos enganches necesarios, non conta aínda con farolas. A actuación, cuantificada en arredor de 50.000 euros, é de competencia municipal, pero a día de hoxe non ten sido realizada e, como reclaman os veciños e veciñas desta parroquia é necesaria posto que se trata dun tramo que conecta con equipamentos públicos e espazos sociocomunitarios, como son a igrexa, o campo da festa ou as instalacións deportivas.

Tamén a colocación de puntos de luz resulta necesario en Sulacasa, ademais da mellora do firme en todo este tramo que vai dende a igrexa. E a mellora e o mantemento do firme doutras pistas, como a de Carballal a Figueiras –que ten moitos rebacheos, na actualidade en moi mal estado- constitúe unha xusta demanda veciñal, que denuncia, así mesmo, que se trata de pistas moi transitadas.

Outro exemplo da desatención de Figueiras está en Moas de Abaixo, onde resulta necesario executar a limpeza de cunetas, mellorar o firme e, dun xeito especial, ampliar a calzada nas curvas para evitar accidentes. De feito, nunha xa se ten actuado nesta dirección.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a:

1. Atender, á maior brevidade posible, as demandas da veciñanza de Figueiras relativas á instalación de puntos de luz nos tramos anteriormente citados, e a desenvolver os traballos de mantemento e mellora das pistas e camiños desta parroquia, nomeadamente dos viais mencionados na presente moción.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 21: 8 votos (grupo C.A), 3 votos (grupo P.S.O.E.), 2 votos (B.N.G) e 8 votos (P.P.), apróbase por unanimidade dita moción,

1. Atender, á maior brevidade posible, as demandas da veciñanza de Figueiras relativas á instalación de puntos de luz nos tramos anteriormente citados, e a desenvolver os traballos de mantemento e mellora das pistas e camiños desta parroquia, nomeadamente dos viais mencionados na presente moción.

Rexistro de entrada do día 6 de novembro de 2018, núm 271, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamarlle a Fomento obras comprometidas na AP-9 para mellorar a calidade de vida da veciñanza de Angrois.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a reclamarlle á Axencia Galega de Infraestruturas e ao Ministerio de Fomento a execución de obras comprometidas na AP-9 para mellorar a calidade de vida da veciñanza de Angrois.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A circunvalación de Santiago de Compostela, ao seu paso por Angrois, soporta un tráfico diario de 42.000 vehículos de media con xornadas que superan os 52.000 coches. Coas obras de ampliación da AP-9, a veciñanza de Angrois quedou sen zona de paso para acceder ás fincas da outra beira da autoestrada, cando antes había 3 pontes que as conectaban. Agora, faise necesario erguer, cando menos, unha ponte de servizo para persoas, vehículos agrícolas e gando, posto que se ven na obriga de dar un rodeo de 6 quilómetros para poder realizar labores agrícolas e levar os animais ás zonas de pasto.

Quedou tamén pendente a instalación de pantallas para reducir a contaminación acústica e a pavimentación da pista que vai desde a Travesa de Angrois á vía de servizo da autoestrada AP-9.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela instará á Axencia Galega de Infraestruturas, da Xunta de Galiza, e ao Ministerio de Fomento a realizar o paso elevado para permitir o acceso ás zonas agrarias de Angrois, a instalar pantallas acústicas para redución a contaminación acústica e a pavimentar a posta desde a Travesa de Angrois á vía de servizo da AP-9.

Se admite polo propoñente unha enmenda con rexistro entrada 277, presentada polo Grupo Popular o día 13 de novembro de 2018,

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 21: 8 votos (grupo C.A), 3 votos (grupo P.S.O.E.), 2 votos (B.N.G) e 8 votos (P.P.), apróbase por unanimidade o seguinte ACORDO:

“O Concello de Santiago de Compostela instará ao Ministerio de Fomento a:

- 1. Recuperar a conectividade existente entre as dúas marxes da AP-9 antes das obras de ampliación da AP-9 para mellorar o acceso ás zonas agrarias de Angrois.***
- 2. Instalar pantallas para a redución da contaminación acústica na zona de Angrois.***
- 3. Acondicionar a zona situada baixo o viaduto da autoestrada en Angrois, incluíndo nas actuacións a realizar a pavimentación da pista desde a Travesa de Angrois á vía de servizo da AP-9 e a mellora ambiental do Rego de Angrois, que discorre por esa zona.***

O Concello trasladará este acordo tamén á Xunta de Galicia para solicitar a súa implicación na consecución destas melloras.”

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2018, núm 49437, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a celebración dun acto conmemorativo do XL aniversario da Constitución Española.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este ano de 2018 celébrase o 40 cuadraxésimo aniversario da Constitución Española. A data de referencia é o 6 de decembro, posto que tal día como ese en 1978 o conxunto da cidadanía española outorgoulle un apoio maioritario, concretado nun 88% dos votos, ao proxecto aprobado polas Cortes Xerais que foran electas democraticamente o 15 de xuño de 1977.

O período percorrido ata ese referendo foi un exemplo de convivencia, de entendemento e de responsabilidade que desde entón converteu a España en modelo para aqueles países que inmersos nun proceso de cambio desde o autoritarismo cara a un democracia rexida polo imperio da lei emanada do pobo e fundamentada na participación, o pluralismo e a defensa dos dereitos e liberdades públicas.

O texto da norma constitucional veu a establecer un marco para o desenvolvemento dun Estado plural que a propia cidadanía dos diferentes territorios foi configurando. Porque na Constitución española recoñécese e garántese, como un dos seus principios iniciais, a autonomía das rexións, das nacionalidades e dos municipios, ao igual que o principio de solidariedade entre territorios.

A pesar das distintas formulacións ideolóxicas existentes houbo un gran consenso entre as forzas políticas, marcado polos desexos de convivencia e de superación dos enfrontamentos do pasado, que permitiu avanzar de forma inequívoca na construción dunha democracia moderna, con ampla autonomía e descentralización na súa estrutura organizativa e con mecanismos de solidariedade que contribuíran a garantir a igualdade e o benestar no conxunto da poboación.

Transcorridas catro décadas, todo o proceso e o comportamento exemplar da cidadanía que nos ten permitido acadar os niveis de benestar e calidade de vida, deberan merecer o recoñecemento e a celebración por parte das institucións, para promover o contido da Constitución e transmitirle ás xeracións futuras o espírito de concordia que presidiu a súa xestación.

O Concello de Santiago, a través dunha iniciativa presentada polo Partido Popular nesta altura do ano pasado, xa acordara sumarse á iniciativa posta en marcha polo Congreso e o Senado para divulgar o contido da Constitución e renderlle homenaxe a todos aqueles que participaron na súa elaboración e aprobación.

Aínda que recentemente se ten inaugurado en Santiago unha exposición fotográfica, organizada polas Cortes Xerais en colaboración coa Axencia EFE, titulada “40 años de España en democracia”, na que se amosan 40 imaxes de distintos fotógrafos para dar a coñecer momentos decisivos do período constitucional, por parte do Concello non temos constancia da preparación de ningunha iniciativa de divulgación de cara ao día 6 de decembro, data da ratificación do pobo español que marca a celebración dos 40 anos da Constitución Española.

Por iso, e para dar cumprimento ao acordo aprobado en novembro de 2017, no que o Concello asumía “o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de toda a cidadanía”, o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano do Goberno a que organice, como iniciativa de divulgación do 40 aniversario da Constitución española, unha lectura pública do texto constitucional nunha xornada a establecer na semana entre o 3 e 9 de decembro, por parte de membros da Corporación e escolares. A xornada deberase celebrar preferentemente na Praza da Constitución e con ese motivo farase unha comunicación a todos os centros de ensino radicados no municipio e divulgarase publicamente a xornada para convidar a toda a cidadanía, institucións e entidades, a sumarse a este acto público.

Non se admite a enmenda co numero de rexistro 278 de fecha 15 de Novembro de 2018, presentada polo grupo Compostela Aberta,

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 11: 8 votos (grupo P.P.), 3 votos (grupo P.S.O.E.), e cos votos en contra 10: 8 votos (C.A.) e 2 votos (B.N.G.), apróbase dito acordo.

ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano do Goberno a que organice, como iniciativa de divulgación do 40 aniversario da Constitución española, unha lectura pública do texto constitucional nunha xornada a establecer na semana entre o 3 e 9 de decembro, por parte de membros da Corporación e escolares. A xornada deberase celebrar preferentemente na Praza da Constitución e con ese motivo farase unha comunicación a todos os centros de ensino radicados no municipio e divulgarase publicamente a xornada para convidar a toda a cidadanía, institucións e entidades, a sumarse a este acto público.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2018, núm 49503, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para mostrar o rexeitamento á decisión do Tribunal Supremo de deixar sen efecto a sentenza sobre o imposto das hipotecas e para impulsar a creación dunha banca pública, (substituída por moción presentada 275 de data 08 de novembro de 2018),

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA MOSTRAR O REXEITAMENTO Á DECISIÓN DO TRIBUNAL SUPREMO DE DEIXAR SEN EFECTO A SENTENZA SOBRE O IMPOSTO DAS HIPOTECAS E PARA IMPULSAR A CREACIÓN DUNHA BANCA PÚBLICA

LIMIAR O pasado 18 de outubro deuse a coñecer a sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo que establece que serán os bancos, e non as súas e os seus clientes, os que asuman o Imposto sobre

Actos Xurídicos Documentados, o máis importante que se paga cando se formaliza o préstamo dunha hipoteca.

Esta resolución responde a un pleito que mantiña coa Comunidade de Madrid, a empresa municipal de Vivenda (EMV) de Rivas Vaciamadrid,. O Alto Tribunal sentenza agora a favor da empresa municipal, ao tempo que muda a súa propia opinión e varía a xurisprudencia hipotecaria.

A resolución fundaméntase en que o negocio que se inscribe é a hipoteca e que o único interesado en elevala á escritura pública e a súa posterior inscrición é o prestamista, é dicir, a entidade bancaria, “que só mediante dita inscrición poderá exercer a acción executiva e privilexiada que deriva da hipoteca”.

Concello de Santiago Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro, COMPOSTELA ABERTA Compostela Aberta Grupo Municipal

Só 24 horas despois de ditar esta sentenza, o presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo decidiu convocar un Pleno de esta Sala para deixar sen efecto a sentenza.

Segundo o artigo 18 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, “As sentenzas executaranse nos seus propios termos” e só poderán deixarse sen efecto en virtude dos recursos previstos na Lei. Polo tanto, nin existe norma legal algunha que outorgue competencia a un Pleno da Sala do Tribunal Supremo para deixar sen efecto unha sentenza firme nin o Supremo ten competencias para valorar a repercusión das súas sentenzas, debe limitarse a aplicar estritamente a lei e deixar que sexan os poderes públicos competentes, neste caso o Poder Lexislativo e o Executivo, os que valoren os efectos desas sentenzas e adopten medidas políticas no caso de estimarse necesarias.

É un despropósito que se alegue para xustificar esta decisión unha suposta “enorme repercusión mediática”, e obviar ao mesmo tempo, que esta mesma sentenza é claramente beneficiosa para a maioría de persoas deste país, as cales vense obrigadas a recurrir ao crédito hipotecario para acceder a unha vivenda.

Concello de Santiago Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro. cours ABERTA Compostela Aberta Grupo Municipal

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta, presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte ACORDO: Mostrar o rexeitamento deste Pleno á decisión do Tribunal Supremo de deixar sen efecto a súa propia sentenza n° 1505/2018 relativa ao suxeito pasivo do Imposto de Actos Xurídicos Documentados.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 10: 8 votos (grupo C.A), 2 votos (B.N.G), votos en contra 8: (P.P.), e 3 abstencións (P.S.O.E.), apróbase dita moción.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA MOSTRAR O REXEITAMENTO Á DECISIÓN DO TRIBUNAL SUPREMO DE DEIXAR SEN EFECTO A SENTENZA SOBRE O IMPOSTO DAS HIPOTECAS E PARA IMPULSAR A CREACIÓN DUNHA BANCA PÚBLICA

LIMIAR O pasado 18 de outubro deuse a coñecer a sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo que establece que serán os bancos, e non as súas e os seus clientes, os que asuman o Imposto sobre Actos Xurídicos Documentados, o máis importante que se paga cando se formaliza o préstamo dunha hipoteca.

Esta resolución responde a un pleito que mantiña coa Comunidade de Madrid, a empresa municipal de Vivenda (EMV) de Rivas Vaciamadrid,. O Alto Tribunal sentenza agora a favor da empresa municipal, ao tempo que muda a súa propia opinión e varía a xurisprudencia hipotecaria.

A resolución fundaméntase en que o negocio que se inscribe é a hipoteca e que o único interesado en elevala á escritura pública e a súa posterior inscrición é o prestamista, é dicir, a entidade bancaria, “que só mediante dita inscrición poderá exercer a acción executiva e privilexiada que deriva da hipoteca”.

Concello de Santiago Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro, COMPOSTELA ABERTA
Compostela Aberta Grupo Municipal

Só 24 horas despois de ditar esta sentenza, o presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo decidiu convocar un Pleno de esta Sala para deixar sen efecto a sentenza.

Segundo o artigo 18 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, “As sentenzas executaranse nos seus propios termos” e só poderán deixarse sen efecto en virtude dos recursos previstos na Lei. Polo tanto, nin existe norma legal algunha que outorgue competencia a un Pleno da Sala do Tribunal Supremo para deixar sen efecto unha sentenza firme nin o Supremo ten competencias para valorar a repercusión das súas sentenzas, debe limitarse a aplicar estritamente a lei e deixar que sexan os poderes públicos competentes, neste caso o Poder Lexislativo e o Executivo, os que valoren os efectos desas sentenzas e adopten medidas políticas no caso de estimarse necesarias.

É un despropósito que se alegue para xustificar esta decisión unha suposta “enorme repercusión mediática”, e obviar ao mesmo tempo, que esta mesma sentenza é claramente beneficiosa para a maioría de persoas deste país, as cales vense obrigadas a recurrir ao crédito hipotecario para acceder a unha vivenda.

Concello de Santiago Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro. cours ABERTA
Compostela Aberta

Grupo Municipal

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta, presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte ACORDO: Mostrar o rexeitamento deste Pleno á decisión do Tribunal Supremo de deixar sen efecto a súa propia sentenza n° 1505/2018 relativa ao suxeito pasivo do Imposto de Actos Xurídicos Documentados.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2018, núm 49522, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamar a redución do IVE na tarifa da luz.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para reclamar a redución do IVE na tarifa da luz do 21% ao 4% e para permitir a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposíbel de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei

do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuíría a asentir o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno central

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%
2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 10: 8 votos (grupo C.A), 2 votos (B.N.G), votos en contra 11: 8 votos (P.P.) e 3 votos (P.S.O.E.), acorda que dita moción queda rexeitada.

MOCION URXENCIA P.S.O.E. rexistro de entrada 50186 de data 12 de Novembro 2018 sobre as becas de comedor escolar.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE AS BECAS DE COMEDOR ESCOLAR

Di a Organización Mundial da Saúde que unha boa nutrición é un factor esencial no desenvolvemento físico e mental da infancia e adolescencia. Comer de forma inadecuada reduce a inmunidade, aumenta a vulnerabilidade ante enfermidades, altera o crecemento chegando a producir obesidade e a longo prazo afecta á produtividade e ao desenvolvemento intelectual.

É na idade escolar cando os alumnos teñen que aprender a importancia para comer de forma variada, equilibrada e, sobre todo, estable. Unha alimentación diaria de calidade nas e nos menores é unha responsabilidade fundamental que se reparten familias e institucións educativas. Os comedores escolares cumpren unha función esencial non só á hora de alimentar aos alumnos: son un espazo educativo máis no que se aprenden valores nutricionais, garanten que nenos e mozos inxeren as calorías necesarias para o seu desenvolvemento e se socializa máis aló da aula.

É por isto que o acceso aos comedores escolares de todos e cada un dos nenos e nenas escolarizados ten que ser unha prioridade de calquera goberno, e para iso deben existir axudas axeitadas e eficaces que garantan que todas as familias poidan permitirse que os seus fillos e fillas coman no colexio.

O Concello de Santiago de Compostela aproba anualmente a convocatoria de Bolsas de Servizos Sociais en concepto de Comedor Escolar. Na convocatoria para o curso 2018-2019, a condición do nivel de recursos económicos da unidade familiar solicitante fai referencia á declaración do IRPF realizada en 2017 e correspondente ao ano fiscal 2016. Esta circunstancia deixou fóra da posibilidade de obter unha bolsa de comedor a familias que, aínda que hai dous anos estaban nunha situación económica algo máis desafogada debido a que algún -ou os dous- proxenitores desenvolvían un traballo remunerado, esa situación mudou no referente ao ano fiscal 2017, atopándose nunha situación económica máis complicada e coa clara necesidade de acceder a unha bolsa de comedor para os seus fillos e fillas.

Ao non contemplar a convocatoria correspondente ao curso 2018-2019 a posibilidade de ter en conta situacións sobrevividas que provocasen un empeoramento obxectivo e xustificable da situación económica familiar, o contemplar o ano fiscal de 2016 en lugar de 2017, e dada a situación de precariedade que define o actual mercado laboral, producíronse este ano situacións que poden cualificarse de inxustas. As axudas para o pago dos comedores deben garantir o acceso de todas e cada unha das familias de Santiago de Compostela a unha alimentación adecuada e a unha educación en valores nutricionais de calidade, e para iso teñen que resolverse de forma eficaz en tempo e forma.

Co fin de garantir que todas as familias acceden a este servizo fundamental, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA para adoptar os seguintes ACORDOS:**

1. Instar o Equipo de Goberno a que realice unha convocatoria adicional e urxente de bolsas de comedor nas que o cómputo da renda familiar se realice en base ao ano fiscal 2017 e con efectos retroactivos ao comezo do curso 2018-2019, a fin de garantir que as familias poidan beneficiarse desde o primeiro día das bolsas.
2. Incorporar á convocatoria de bolsas de comedor para o curso 2019-2020 a aplicación dun coeficiente corrector ao cálculo da renda familiar final atendendo á existencia de situacións sobrevindas que supoñan un empeoramento obxectivo e xustificable da situación económica familiar.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 13: 2 votos (B.N.G), votos 8: (P.P.), e 3 votos (P.S.O.E.), e coa abstención 8 votos (grupo C.A), apróbase dita moción:

1. Instar o Equipo de Goberno a que realice unha convocatoria adicional e urxente de bolsas de comedor nas que o cómputo da renda familiar se realice en base ao ano fiscal 2017 e con efectos retroactivos ao comezo do curso 2018-2019, a fin de garantir que as familias poidan beneficiarse desde o primeiro día das bolsas.
2. Incorporar á convocatoria de bolsas de comedor para o curso 2019-2020 a aplicación dun coeficiente corrector ao cálculo da renda familiar final atendendo á existencia de situacións sobrevindas que supoñan un empeoramento obxectivo e xustificable da situación económica familiar.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente douna por finalizada sendo as 23:05 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández